

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

27 de xuño de 2024

Duración:

Desde las 20:34 hasta las 23:49

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ
***6851**	Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

a) Acta sesión número 2024/4, extraordinaria do 11 de abril

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2024/4 extraordinaria do 11 de abril enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2024/4, extraordinaria do 11 abril; **sendo aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE Concelleiros asistentes a presente sesión.**

b) Acta sesión número 2024/5, extraordinaria urxente do 11 de abril

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2024/5 extraordinaria urxente do 11 de abril enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2024/5, extraordinaria urxente do 11 abril; **sendo aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE Concelleiros asistentes a presente sesión.**

Expediente 106/2024. Declaración de especial interese ou utilidade municipal da obra de construción de caseta para usos múltiples no M.V.M.C. de Parderrubias

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Sr. Rodríguez Canosa: Traemos neste punto a declaración de especial interese ou utilidade municipal da obra de construción de caseta para usos múltiples no M.V.M.C de Parderrubias. Xa no anterior pleno trouxemos outras dúas declaracións deste tipo, como ben sabedes e tal como se falou nese pleno, na Ordenanza do ICIO se contempla unha bonificación do 95% para aquelas obras que sexan declaradas de especial interese e esa declaración a ten que facer o pleno, polo tanto aquí estamos para esa declaración, é unha obra pequena no parque forestal do Penedo Redondo, a construción dunha pequena caseta destinada a usos varios, o importe da bonificación, no caso de ser aprobada, conta con un total de 290€ que serían bonificados neste caso.



Sr. Rodríguez Davila: Unha vez máis unha iniciativa dunha entidade veciñal, neste caso a Comunidade de s de Parderrubias, que está a construír esa caseta que contempla, entre outras cousas, baños para dar servizo a esa área recreativa do Penedo Redondo, onde ultimamente se están facendo bastantes eventos por diferentes colectivos desa parroquia e polo tanto, na nosa ordenanza fiscal prevé esa compensación, esa bonificación do 95%. Insisto unha vez máis, logo de insistir este Grupo en moitos plenos e anos, ao final tivo a ben a Corporación naquel momento aprobar esa bonificación, oxalá consigamos o mesmo coa aplicación e eliminación da plusvalía que presentaremos neste pleno que insistiremos nos anos sucesivos. O noso voto vai ser a favor.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Como non podía ser de outra maneira consideramos que é unha obra de importancia para a parroquia de Parderrubias e ao estar no Penedo Redondo supoño que tamén se utilizará por diferentes equipos deportivos, e por suposto estamos a favor da bonificación do 95%.

Sr. Guerra García: Tratándose de asociacións do Concello sempre é un pracer que todos coincidamos nas bonificacións previstas na Ordenanza, votaremos a favor.

Sr. Rodríguez Canosa: A bonificación é de 225,10€.

Sra. Alcaldesa: Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto o expediente instado por José Estévez Pérez, no nome e representación da Comunidade de montes veciñais en man común de de Parderrubias (Rex. Núm. 2024-E- RE-344 de 09/02/2024) que literalmente di:

“EXPÓN: Que a construción da caseta para usos múltiples, con número de expediente 106/2024, ten carácter de interés público, polo tanto, deberíase acordar a bonificación ou exención das correspondentes taxas administrativas para a obtención da licenza. SOLICITA: Que recibido o presente escrito, admítase, proceda a incorporarse ao expediente 106/2024, dea conformidade co manifestado, tendo por formuladas as peticións e manifestacións contidas nel.”

Vista A providencia de Alcaldía pola que se inicia o expediente de bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, a realización de actuacións na área recreativa de Penedo Redondo polo que pode considerarse obra de clara utilidade pública, por concorrer circunstancias de carácter social, ó tratarse dunha obra destinada a mellora dunha área recreativa. O especial interese municipal é debido á súa contribución ao benestar da comunidade ó proporcionar un espazo ó aire libre que fomenta actividades coma camiñadas ou deportes, a conservación ambiental, ou turismo local, entre outras, todas elas consideradas competencias propias do municipio de conformidade co artigo 25.2LBRL.



Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2024-146 e de Tesourería núm. 2024-135. De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ás obras consistentes en: construción de caseta para usos múltiples no M.V.M.C. de Parderrubias, termo municipal de Salceda de Caselas incluídas no expediente núm. 106/2024 a solicitude de José Estévez Pérez, no nome e representación da Comunidade de montes veciñais en man común de de Parderrubias mediante escrito recibido en data 09/02/2024 (Rex. Núm. 2024-E-RE-344).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ás obras consistentes en: construción de caseta para usos múltiples no M.V.M.C. de Parderrubias, termo municipal de Salceda de Caselas incluídas no expediente núm. 106/2024 a solicitude de José Estévez Pérez, no nome e representación da Comunidade de montes veciñais en man común de de Parderrubias mediante escrito recibido en data 09/02/2024 (Rex. Núm. 2024-E-RE-344).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.



Expediente 1330/2024. Aprobación inicial da alteración da cualificación xurídica dun tramo do camiño público inventariado como “Camiño da Mina”.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: O 10 de febreiro de 2022, rexistrouse unha solicitude de cambio de ubicación dun camiño público na parroquia de Entenza, logo de realizar a oportuna desafección dun treito de 17,50 m² do chamado “Camiño da Mina” no barrio de Torrón que seguro que coñecedes todos, ao lado Yenca, para a súa permuta, posto esa permuta cumpría os requisitos, melloraba o trazado e condicións do camiño actual ao ser de acceso máis directo as parcelas, máis curto e moito máis ancho, pasando de 3,80 m a 5 m e de unha superficie de 67m² a 128m². Conta con informes favorables tanto técnico como xurídico e o que se propón hoxe é a aprobación inicial da alteración de ese camiño pasando de ben de dominio público a a ben patrimonial.

Sr. Rodríguez Davila: Estamos a falar de abrir un novo camiño en substitución do existente agora mesmo, somos coñecedores do inicio do porqué se trae a pleno esta iniciativa para construción e apertura de ese novo camiño, un tema entre particulares no cal nós non temos nada que dicir, revisada a documentación e logo de ter falado coas partes vamos a dar o apoio estando seguros de que todos van a cumprir co acordado e que polo tanto, que se poña punto final a ese asunto e que isto entre outras cousas, que vaia a mellorar ese trazado dese camiño existente que vai pasar de un ancho de un metro case dous a cinco metros polo tanto é positivo para os veciños e para as parroquias afectadas e en definitiva para o interese xeral e por iso vai ter o apoio de este Grupo maioritario.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Visto o expediente e falado con algún veciños da zona si que consideramos que é positiva esa permuta, pero entendemos que é unha cuestión entre particulares polo tanto a nosa posición será absternos neste punto.

Sr. Guerra García: A nos fáltanos información para ver que interese público ten esta proposta que se trae a pleno, co cal imos a absternos.

Sra. Alcaldesa: Paso a ler a proposta de acordo seguinte:

“Visto que en data 10 de febreiro de 2022 (núm. de rexistro 2022-E-RE-320) e en data 22 de xuño de 2022 (Rex. Núm. 2022-E-RE- 1336) Paula Pazo solicitou cambio de ubicación dun vial público existente na parroquia de Entenza.

Vista a necesidade de tramitar o procedemento para proceder á desafección dun tramo de 17,50 metros do camiño público identificado coa referencia catastral, 36049A033090290000KF, inventariado co nome de “Camiño da Mina”, que discorre entre as parcelas catastrais 36049A033003770000KW e 36049A033003900000KL, sitas de Torrón, na parroquia de Entenza en Salceda de Caselas para a súa permuta, dado que con elo se mellora sensiblemente o trazado e as condicións do camiño actual, xa que, o novo trazado, lonxe de impedir ou limitar a comunicación e acceso entre parcelas colindantes, mellóraas sensiblemente, xa que resulta ser máis directo, curto e ancho.

Visto o informe técnico núm. 2023-0235. emitido polo técnico municipal en data 10.10.2023



no que, se sinala que “a proposta de permuta (...) é beneficiosa para o Concello e os usuarios do dito camiño, a parte de mellorar as condicións de acceso dende a estrada de A Gándara ao Torrón e a maniobrabilidade cara o norte e cara o sur en dito camino, facilitando tamén a conexión co camiño Galanas, no vento oeste da estrada da Gándara ao Torrón”.

Visto o informe xurídico favorable emitido en data 10.10.2023 polo asesor xurídico Carlos Abal Lourido.

Visto que queda acreditada a oportunidade e legalidade da desafectación do tramo de camiño indicado.

Visto que a aprobación inicial corresponde ao Pleno da Corporación conforme ao establecido no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño e dos artigos 22.2.l) e 47.2.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte, ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica do tramo de 17,50 metros do trazado do camiño público recollido no inventario municipal de bens do Concello de Salceda de Caselas co nome de “Camiño da Mina” e identificado coa referencia catastral, 36049A033090290000KF, inventariado co nome de “Camiño da Mina”, que discorre entre as parcelas catastrais 36049A033003770000KW e 36049A033003900000KL, sitas de Torrón, na parroquia de Entenza en Salceda de Caselas, pasando de ben de dominio público a ben patrimonial.

SEGUNDO. Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, o expediente estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board/>] “

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta **APROBADA** por **NOVE VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PP (5) **TRES ABSTENCIÓNS** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (2) e BNG (1), adoptándose o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica do tramo de 17,50 metros do trazado do camiño público recollido no inventario municipal de bens do Concello de Salceda de Caselas co nome de “Camiño da Mina” e identificado coa referencia catastral, 36049A033090290000KF, inventariado co nome de “Camiño da Mina”, que discorre entre as parcelas catastrais 36049A033003770000KW e 36049A033003900000KL, sitas de Torrón, na parroquia de Entenza en Salceda de Caselas, pasando de ben de dominio público a ben patrimonial.

SEGUNDO. Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.



Así mesmo, o expediente estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board/>]

Expediente 1311/2024. Rectificación puntual do inventario de bens municipal. Treito da EP-2505.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Esta rectificación do inventario de esta estrada é produto da humanización que se fixo no 2018, que comprendía dende o matadoiro ata a rotonda da Gándara, treito aproximadamente de 350 metros e despois desas obras de humanización a Deputación no pleno de 2019 aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello, era necesario naquel intre enviálo á Xunta de Galicia para a súa aprobación cousa que se fixo o 25 de xuño de 2020, nese momento se fixo entrega ao Concello desa acta na que se recollía a cesión, quedou pendente de aprobación plenaria ese recoñecemento dese ben de dominio público para incorporalo ao noso inventario de bens deste Concello, cousa que se pretende aprobar nesta sesión plenaria.

Sr. Rodríguez Davila: Como temos manifestado en diferentes ocasións en comisións respecto da non aceptación por parte deste Grupo de incorporar como camiño público este viario, nós non estamos de acordo na terminación e na execución das obras e polo tanto, nós non queremos que se inventaríe como tal, cando non estamos de acordo co remate do mesmo polo tanto o noso voto vai ser en contra.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Nós entendemos que unha vez aprobado pola Deputación e tomado o Concello contra de ese terreo non queda outra que apoiar a proposta de Alcaldía, vamos votar a favor.

Sr. Guerra García: Isto xa foi publicado no DOGA o 6 de maio de 2020 a verdade é que estamos en xuño de 2024 non entendemos todos estes prazos de demora para traer isto aquí, vamos a abstermos.

Sra. Alcaldesa: Creo que o importante é traer as cousas a aprobación plenaria, non había ningunha presión social, nin de tempos, nin de datas para que esta aprobación se realizara e decidimos tráela neste ocasión. En canto ao comentario do Partido Popular creo que mesturar allos con cebolas, falar de obras por unha banda coas que non están de acordo coa política de humanización dista bastante da nosa e dos partidos de esquerda, unha cousa son as obras e outra é a cesión de estrada, o lóxico é que nos pertenza cando se executaron unas obras e houbo un convenio sobre ela.

Sr. Rodríguez Davila: Non mesturo, o que acaba de dicir é falso no sentido de que este Grupo, este Partido, apoiou esas obras, outra cousa é o resultado das mesmas e as consecuencias que para o Concello vai a ter en breve ou no futuro a corto prazo respecto de como están agora mesmo e de como están executadas, entre outros exemplos a anchura da ponte do matadoiro, lle recordo que este Grupo votou a favor desas obras.



Sra. Alcaldesa: Eu tamén lle recordo ao PP que debería sumar esforzos xunto con este goberno e solicitarlle a Xunta que arranxe canto antes a lateral que vai dende o Matadoiro a Gándara que nos aforraría moitísimo tráfico pesado polo centro da Vila, supondo un perigo para todos aqueles que utilizamos ese espazo de lecer. Creo que é aí onde debería estar o PP sumando esforzos para que Xunta acometese as obras que son da súa competencia e que deberían ter un pouquiño de vergoña ter esa estrada chea de fochancas inmensas como está, sobre todo pensando na seguridade da veciñanza e dos menos e nenas que utilizan as instalacións como as piscinas, o parque e toda aquela contorna. Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto que é necesario proceder a rectificación puntual do inventario de bens municipal, aos efectos de incorporar o treito do vial provincial EP-2505 comprendido entre os puntos kilométricos 0+000 e 0+350 Salceda – Caldelas, en virtude dos seguintes antecedentes:

*- O 9 de marzo de 2018, o Concello de Salceda de Caselas e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio para levar a cabo o proxecto de obra de actuación de mobilidade sustentable na EP-2505 ao seu paso polo núcleo urbano de Salceda de Caselas. *

- *O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra acordou, na súa sesión de 29.11.2029 aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Salceda de Caselas do treito do vial provincial EP-2505 comprendido entre os puntos kilométricos 0+000 e 0+350 Salceda – Caldelas, trasladando o expediente á Xunta de Galicia.*

- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ditou o DECRETO 71/2020, do 17 de abril, polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Salceda de Caselas do treito comprendido entre o punto quilométrico 0+000 e o punto quilométrico 0+350 da vía provincial EP-2505 Salceda-Caldelas (DOG núm. 86 de 06. 05.2020)

- O día 25 de xuño de 2020 asinouse a acta de entrega ao Concello de Salceda de Caselas do treito comprendido entre o punto quilométrico 0+000 e o punto quilométrico 0+350, da estrada provincial E.P. 2505 Salceda-Caldelas (BOPPO núm. 153 de 11.08.2020).

- O 02.12.2022 emitíuse informe técnico favorable núm. 2022-0360 polo arquitecto técnico municipal. Visto o disposto no informe de Secretaría núm. 2024- 0022. En cumprimento do disposto no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, a Comisión Informativa ditamina favorablemente seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento como ben de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais do treito Salceda-Caldelas do vial provincial EP-2505 comprendido entre os puntos kilométricos 0+000 e 0+350 Salceda – Caldelas.

SEGUNDO: Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia do Concello, de acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 19/2013 de Transparencia.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta **APROBADA** por **SEIS VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), **CINCO VOTOS** en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (5) e **UNHA ABSTENCIÓN** do Concelleiro do Grupo Municipal BNG (1), adoptándose o seguinte



ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento como ben de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais do treito Salceda-Caldelas do vial provincial EP-2505 comprendido entre os puntos kilométricos 0+000 e 0+350 Salceda – Caldelas.

SEGUNDO: Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia do Concello, de acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 19/2013 de Transparencia.

Expediente 2688/2023. Corrección de erro acordo plenario de 13.05.2024: Camiño da Portela, referencia catastral.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Como di o enunciado do expediente, é unha sinxela corrección de erros dunha referencia catastral aprobada na sesión plenaria anterior, o informe técnico que aparece neste expediente fai constar que existe un erro na referencia catastral da parcela que remata na franxa de terreo obxecto de cesión, así que corriximos o erro si vos parece, pero temos que aprobalo en sesión plenaria posto que se aprobou ese punto en sesión plenaria hai que volver a tráelo para volver a publicalo.

Sr. Rodríguez Davila: Vimos o expediente e efectivamente hai un erro no tema das referencias catastrais onde termina e onde se pretende terminar ese viero de nova creación como público polo tanto nada máis que ratificalo en sesión plenaria.

Sr. Tourón Domínguez: Nos neste punto entendemos que é un erro que hai que ratificalo, nós como nos abstivemos neste punto cando se votou o noso voto hoxe tamén vai ser a abstención en coherencia coa abstención do punto no seu día.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo:

“Visto que polo Pleno municipal en sesión ordinaria celebrada o 13 de maio de 2024 dentro do punto de “Expediente 2688/2023. Rectificación do inventario de ben municipal: Camiños” acordou aprobar o recoñecemento como bens de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, entre outros, o seguinte inmovible:

3.- Camiño que parte da estrada municipal de A Portela ao Piñeiro e remata na parcela catastral 36049A021003770000KT cunha superficie de 331 m2, sito no barrio da Portela, parroquia de Parderrubias

Visto o informe técnico número 2024-0111 do 117/06/2024 subscrito polo arquitecto técnico municipal no que se fai constar que existe un erro na referencia catastral da parcela na que remata a franxa de terreo obxecto de cesión.

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “Las Administraciones Públicas



podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.

No uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Propono ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: *Corrixir o erro existente no acordo adoptado polo pleno en sesión ordinaria celebrada o o 13 de maio de 2024 de forma que ONDE DÍ:*

“PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento como bens de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, os seguintes inmobles:

(...)

3.- Camiño que parte da estrada municipal de A Portela ao Piñeiro e remata na parcela catastral 36049A021003770000KT cunha superficie de 331 m2, sito no barrio da Portela, parroquia de Parderrubias.”

DEBE DICIR:

“PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento como bens de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, os seguintes inmobles:

(...)

3.- Camiño que parte da estrada municipal de A Portela ao Piñeiro e remata na parcela catastral 36049A021011430000KU cunha superficie de 331 m2, sito no barrio da Portela, parroquia de Parderrubias.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta **APROBADA** por **NOVE VOTOS** favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal **Movemento Salceda (4)** e **PP (5)** e **TRES ABSTENCIÓNS** do/as Concelleiro/as do Grupo Municipal **PSdeG-PSOE(2)** e **BNG (1)**, adoptándose o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Corrixir o erro existente no acordo adoptado polo pleno en sesión ordinaria celebrada o o 13 de maio de 2024 de forma que ONDE DÍ:

“PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento como bens de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, os seguintes inmobles:

(...)

3.- Camiño que parte da estrada municipal de A Portela ao Piñeiro e remata na parcela catastral 36049A021003770000KT cunha superficie de 331 m2, sito no barrio da Portela, parroquia de Parderrubias.”

DEBE DICIR:

“PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento como bens de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, os seguintes inmobles:



(...)

3.- Camiño que parte da estrada municipal de A Portela ao Piñeiro e remata na parcela catastral **36049A021011430000KU** cunha superficie de 331 m², sito no barrio da Portela, parroquia de Parderrubias.

Expediente 1345/2024. Salcedenses Distinguidos/as 2024	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Chegan as nosas festas grandes, a Festa do Cristo, e un ano máis traemos a esta sesión plenaria ás persoas que serán distinguidas e distinguidos, este é un acto cívico que celebramos ese día domingo do Cristo e a proposta da Alcaldía é a seguinte:

“Homenaxear como Salcedenses Distinguidas/os no acto cívico a celebrar o domingo 21 de xullo de 2024 ás seguintes persoas: Jose Ángel Campos Vila, nado o 21 de abril de 1949, por unha vida de traballo social e cultural fundamentalmente a prol da parroquia de Entenza como compoñente de diversas directivas:

Colaborador dende os inicios da Asociación de Xóvenes A Turonia de entenza. Compoñente en varias ocasións da directiva da Traída de Augas de Entenza.

Compoñente en varias ocasións da directiva da Comunidade de Montes en Man Común de Entenza, con participación na directiva que inaugurou a área do Espicho do Faro. Compoñente en varias ocasións da Comisión de Festas da ascensión, na parroquia de Entenza.

Compoñente durante anos do Coro Polifónico de Entenza.

Na actualidade é compoñente do Grupo de Gaitas a Insua de Caldelas.

Otilia Cabaleiro Martínez, nada o 5 de febreiro de 1948, por ser un exemplo de muller empoderada e traballadora, nunha época na que ás mulleres se lles presupoñía outras tarefas. Dende os primeiros anos manifestou o seu desexo de asistir á escola, cousa que non sempre era posible polos traballos que había que realizar. Traballou dende ben pequena no bar familiar percorrendo festas e verbenas. Quedou á fronte da súa casa e do coidado das súas tres fillas cando o marido tivo que emigrar. Xunto co seu marido foron quen de sacar adiante a “Granxa de Servando” que o furacán Hortensia destruíu por completo no 1984 e que conseguiron reconstruír. A día de hoxe, viúva, aos seus 76 anos, segue sendo habitual atoparse con Otilia ao fronte do seu tractor. En definitiva, por ser unha muller loitadora, e exemplo para moitas mulleres, e por dignificar e protexer o mundo rural.

María Mercedes Clementina Núñez Lorenzo, nada o 13 de xullo de 1942, pola súa laboura no comercio local rexentando co seu home o coñecido “Comercial Caselas” dende o 1977. Realizou tamén unha importante labor social sendo fundadora do Coro Polifónico de Entenza e da Asociación de Mulleres Rurais Caselas que recentemente celebrou os seus 25 anos. Nese acto, Mercedes foi recoñecida como unha das impulsoras deste colectivo social que tanto leva feito por Salceda.



1. *Dar traslado deste acordo ás persoas nomeadas.*”

Sr. Rodríguez Davila: Quero comezar no nome deste Grupo e unha vez máis e un ano máis manifesto o noso apoio a estas distincións, a estes recoñecementos a estes tres veciños, feito que levamos apoiado e reiterado sempre. É verdade que o Goberno fai uns anos aprobou un regulamento para regular estas cuestións, o Goberno que incumpre reiteradamente ano tras ano o regulamento que o Goberno, naquel momento bipartito MS-PSOE aprobou e que a día, hoxe en minoría Movemento Salceda segue a incumprir e por elo, sen poñer en dúbida as candidaturas das tres persoas que vamos a apoiar para que o domingo do Cristo na Praza do Concello publicamente se faga entrega de esa distinción, pero non por elo vamos a deixar pasar a ocasión de manifestar, xa en Comisión llo trasladamos aos membros da mesmas, no sentido de que este Grupo considera, é así o vamos a facer de cara ao ano que ven, que vamos a facer unha proposta e vamos a activar esa Comisión con tempo suficiente para que todos os Grupos que así o consideren e queiran participar traballen na proposta conxunta e que entre todos acordemos unanimemente as persoas que teñan merecido e sexan recoñecidas como Salcedenses distinguidos na Festa do Cristo no ano 25. Ao mesmo tempo solicitamos neste pleno que por parte da Sra. Alcaldesa nos faga partícipes da entrega desas distincións xa que este Grupo apoia sempre e este ano vai ser igual, o normal, o sensato e a mensaxe que debemos mandar aos veciños e a participación dos representantes lexítimos dos veciños que somos os membros de esta Corporación municipal e polo tanto, solicitamos que unha distinción sexa entregada por un Concelleiro do Grupo maioritario de esta Corporación que é o Grupo Popular.

Dito isto, reitero a felicitacións a esas tres persoas o noso respecto o noso recoñecemento e que o domingo teñamos sorte na celebración tanto no tempo como tamén na festividade en si.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Completamente de acordo nas tres persoas nominadas, dúas delas pode dicir que eu persoalmente teño amizade con elas pois son da miña parroquia, polo tanto nada que obxecto, si algo que obxectar seguindo o que acaba de dicir o compañeiro do PP, foi unha proposta pechada do Goberno na que os outros Grupos non participamos, todo isto sen ningunha dúbida completamente coas tres persoas nominadas, o noso apoio a proposta.

Sr. Guerra García: Xa o ano pasado houbo debate sobre esta situación. Primeiro o noso respecto ás tres persoas que creo que son merecedoras da homenaxe que se lle poida facer, nos gustaría que en todo caso se completase un pouco os currículos que aquí se definen, a Sra. Otilia non se di que é da parroquia de Parderrubias, non se di que foi varias veces vogal da Asociación de Veciños, creo que son cuestións que deben reflectirse. Dito isto, nós non podemos ser máis que críticos co procedemento que se leva dende a Alcaldía con este asunto, dixémolo na Comisión e volvemos a repetilo, hai un Regulamento que se incumpre cando se chega a unha Comisión e a Sra. Alcaldesa nos pon a súa proposta enriba da mesa e cun convite a que os demais fagamos propostas, para solapar enriba das súas propostas é ese o camiño? O normal é que este proceso se leve con discreción entre todos os Grupos e unha vez que haxa acordo levalo a Comisión correspondente, non se fai a si co cal nós, aínda con todo o respecto das persoas propostas non imos a apoiar, imos a abstermos porque a Sra. Alcaldesa así o quere parece ser.

Sra. Alcaldesa: Dicir que na Comisión efectivamente tócalle a Alcaldesa facer unha proposta



pero non se fixo ningún tipo de aportación por ningún Grupo Político, nin na Comisión nin antes, estamos abertos e abertas no Goberno a escoitar e a debater calquera tipo de proposta que nunca chegou a nós. Creo que hai que traballar un pouquiño antes e realizar as propostas necesarias, en todo caso, non creo que sexa o momento para enturbiar o recoñecemento a estas persoas así como ben o dixestes, merecedoras desta homenaxe. Repito estamos abertos e abertas a recibir propostas non que cheguesdes a Comisión e escoitedes a miña, podedes facer as propostas antes cando estimedes oportuno, entendo que a Salustiano Guerra moito non lle importa ese dato porque xa foi convidado o ano pasado e tampouco asistiu, entendo que o seu posicionamento de abstención é lóxico porque será que non ten importancia este acto de recoñecemento, para min o ten e agradezo ao resto de partidos políticos, PSOE e PP que teñan a ben apoiar esta proposta de recoñecemento a Vila, a Otilia e a Mercedes.

Sra. Tourón Domínguez: Eu convidaría a Sra. Alcaldesa a que léese o ROM e mirase cal é o procedemento para nomear os Salcedenses distinguidos.

Sra. Alcaldesa: Creo que ámbalas dúas o coñecemos porque o aprobamos.

Sra. Tourón Domínguez: Pois de coñecelo debería aplicalo.

Sr. Rodríguez Davila: Ámbalas dúas, ex-alcaldesa e alcaldesa o incumpriron polo tanto vostedes que o aprobaron vostedes o incumpriron.

Sra. Alcaldesa: Vos animo a traballar de maneira conxunta para acadar un acordo para o ben dos veciños e veciñas que reciben esta homenaxe anualmente.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta **APROBADA** por **ONCE VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (5), Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2) e UNHA ABSTENCIÓN do Concelleiro do Grupo Municipal BNG (1).

Expediente 1318/2024. Adhesión ao Protocolo Marco do Programa Axente Titor

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Sra. González Luis: Este programa do Axente Titor é un servizo que ofrecería a Policía Local, que está especializado na promoción e no respecto nos dereitos da infancia. A súa intervención concretase no ámbito da protección do menor e na prevención en moitas áreas pero especialmente no ámbito escolar, é dicir, este sería un recurso máis para traballar en rede e servir de apoio a comunidade educativa e a educadora familiar, é unha forma de apoiarnos en aqueles recursos humanos cos que xa contamos e explotalos máis. Trátase de ofrecer unha acción preventiva que favorece a integración e a normalización do menor no seu medio social, naqueles casos que fosen necesarios, e buscamos sempre traballar en rede colaborando e coordinando entre os distintos servizos comunitarios. Para que este programa poida executarse debe contar cun mínimo de dous Axentes naqueles Concellos que teñen menos de 20.000 habitantes e estes dous Axentes teñen que ter unha formación específica para este programa, algo que neste Concello cumprimos dende fai un tempo xa que dous dos nosos Policía Locais están formados.



Por outra banda a aprobación por este Pleno, en caso de saír aprobado, permitiría que a Policía Local puidese desenvolver estas funcións fora dos centros educativos pero para poder actuar dentro dos centros educativos sería preciso que se levase ao Consello Escolar e que se aprobase. O motivo de traelo a este pleno tamén é porque o curso escolar ven de finalizar, mañá se desenvolveran os Consellos do CPI Altamira e IES PedrasRubias e será un bo momento para aprobalo ou non, e en caso de que saía aprobado se poida empezar a implementalo no próximo curso escolar en setembro. O absentismo escolar, a prevención do consumo de substancias tóxicas, a seguridade vial, o desamparo familiar cara o menor, vandalismo, bullying, ou casos de abusos sexuais a menores son algúns dos aspectos principais que busca previr, detectar ou actuar no caso de ser necesario.

É importante para min deixar claro que esta non é unha funcións que substitúa a labor dos docentes e dos traballadores sociais, educadoras familiares ou demais profesionais da área de servizos sociais, senón que é unha ferramenta de apoio, de seguimento e de posible detección de situacións de risco da infancia e da xuventude buscando solucións apropiadas en conxunto para a mellora da convivencia entre todos e todas habitantes do noso Concello, en caso de que se tivese que facer unha intervención dentro do Centro educativo sempre terá que ser tras a petición do persoal do centro educativo e as accións que a Policía Local desenvolva dentro de este deberán ser sempre consensuadas, garantindo así a mellor intervención posible dos menores, son polo tanto tamén unha fonte de apoio en horario de tarde ou de nocturnidade para os servizos sociais ou para o centro educativo que están pechados, podendo detectar situacións de risco e actuar si así fose posible ante un conflito, poderán tamén emitir informes para os servizos municipais e para os servizos de protección ao menor si así o solicitasen. Esta tamén sería unha ferramenta que poderían utilizar as familias xa que estes Axentes Titores poderían informar, asesorar, orientar dos diferentes servizos aos que as familias teñen dereito e que moitas veces descoñecen.

Sr. Rodríguez Davila: Escoitada a intervención da Concelleira delegada e visto o programa que está no expediente e dado que se trata de fomentar a protección, información, etc... no ámbito da infancia sobre todo nos acosos que sofren os nosos cativos de toda índole e tamén por suposto o tema das drogas, etc... nós vamos a votar a favor. Tamén é verdade que estes protocolos están moi ben politicamente, son súper chulos pero a realidade é que a veces quedan en papel mollado e quero recordar que o noso Concello adheriuse nos últimos anos a moitos programas e plan e accións e me gustaría a min saber os resultados dos mesmos, polo tanto a veces os brindis ao sol queda moi ben todos nos poñemos chapas no peito pero a realidade e que a veces, ben por inacción das persoas en si, xa non me refiro a cargos públicos nin a cidadanía senón en xeral, ou por recursos, o por mil historias que nos levan a esquecer cousas que temos ao redor e que desgraciadamente podemos estar vivindo nas nosas propias casas. Polo tanto, benvidas sexan estas accións e esperemos e desexamos que non se teñan que utilizar moito, que sería boa sinal, pero por outra lado tamén teremos que estar máis atentos, máis vixiantes a hora de ver si realmente se está facendo algo respecto do que hoxe aquí vamos a aprobar, iso sería bonito, sería plausible ao final de este mandato ter resultados e polo menos poder presentar un programa de accións e ter conclusión ao respecto no ano 27, polo tanto como dixen ao principio o noso grupo vai votar a favor.

Sra. Tourón Domínguez: Dicar que este é un convenio entre a Delegación do Goberno para o Plan nacional de drogas e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por suposto que estaremos sempre de acordo que todos os proxectos que promocionen os dereitos da infancia e a súa protección integral, dende logo que estean integrados no se medio



social é importantísimo e creo que como administración e administración local máis próxima a toda a veciñanza temos que colaborar e poder coordinalo en todos os ámbitos. Eu tamén quero ir na liña do que dixo o PP, a Alcaldesa definiu este punto na Comisión Informativa coma “un tema moi chulo”, eu creo que si é un tema moi chulo pero espero que non quede so nun tema moi chulo para as fotos e poñan todos os medios necesarios para levalo a cabo e que verdadeiramente sexa efectivo.

Sr. Guerra García: Temos unha nova ferramenta nun eido tan sensible e tan importante como é a infancia, a pesar das dúbidas que a veces poida xerar o acollemento de determinados programas nós vamos ter en expectativa de que isto axude, cando menos, a solucionar algunhas cousas como ferramenta que é, e vamos a ser optimistas en canto ao seu resultado final.

Sra. González Luis: En canto ao comentario do compañeiro Santiago, este non debería ser un brindis ao sol xa que afortunadamente xa contamos con estes traballadores, xa teñen esta formación, a coordinación cos servizos educativos xa existe, isto simplemente os dota de máis formacións, lles da uns protocolos bases nos que se poden guiar e agarrar aínda que se adaptarán as realidades do municipios e que lles permitiran facer algún tipo de actuacións que eles de momento non poden facer. Efectivamente pertence ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a través da Delegación do Goberno co Plan Nacional sobre drogas.

Sra. Alcaldesa: Efectivamente un protocolo de colaboración entre a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas e a FEMP, un servizo que presta a Policía Local en xeral e a nosa tamén, que se especializa en promocionar o coidado e o respecto a infancia, en Salceda de Caselas con unha poboación infantil de 1600 nenos non íamos a deixar de estar en esta iniciativa tan fantástica, sei ademais que vai funcionar e darlle aos parabéns a ese Axente titor que xa está nomeado a noso Policía Local, Roberto Cameselle e a Concelleira de ensino e benestar, neste caso, por levar esta iniciativa que a min realmente me parece xestos que non parecen moi grandes pero que son sumamente importantes e que agardo que conte co apoio de esta Corporación e estou segura, ademais, que traballando en rede como se está facendo, e en equipo cos centros educativos e cos servizos sociais vai funcionar. Dou paso a lectura da proposta de acordo seguinte:

“Visto o Protocolo marco do programa Axente Titor, elaborado no marco do Convenio de Colaboración entre a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas e a Federación Española de Municipios y Provincias, FEMP.

Visto que o Programa Axente Titor é un servizo da Policía Local especializado na promoción do respecto aos dereitos da infancia polo que a súa intervención céntrase no ámbito da protección do menor e a prevención na contorna escolar; entre os obxectivos deste programa figuran os de dar prioridade á acción preventiva; levar a cabo unha intervención directa dos axentes especializados en todos os requirimentos relacionados con menores de idade; favorecer a integración e normalización do menor no seu medio social; ou exercer unha colaboración e coordinación coas entidades e servizos sociais comunitarios. Visto que o Programa Axente Titor dependerá orgánica e funcionalmente da xefatura da Policía Local de cada municipio, que procurará que os axentes adscritos a este servizo poidan exercer as funcións propias do mesmo, atendendo ás posibilidades de cada cidade.

Visto que o Equipo Axente Titor pode estar composto por un único axente, e de feito



obsérvase que na maioría de municipios de menos de 20.000 habitantes adoita ser así pola necesaria adaptación á dispoñibilidade de recursos do Corpo de Policía Local.

Visto que a aprobación do texto do Protocolo Marco do Programa Axente Titor corresponde á potestade de auto organización do Concello e é materia de competencia municipal conforme aos artigos 4.1.a) e 25.2.f.) e n) da Lei de Bases de Réxime Local 7/1985, de 2 de abril.

Visto que o Protocolo Marco do Programa Axente Titor está excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, conforme ao artigo 6 que determina que os convenios e encomendas de xestión estarían fóra do ámbito de aplicación desta lei.

Visto que a presente proposta non precisa de avaliación das repercusións en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nin ha de ser sometido a intervención previa por non ter aportación económica por parte do Concello.

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: APROBAR a adhesión ao Protocolo Marco do Programa Axente Titor elaborado o marco do Convenio de entre a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas e a Federación Española de Municipios y Provincias FEMP, como servizo da Policía Local especializado na promoción do respecto aos dereitos da infancia, aceptando todas as bases e condicións do Protocolo..

SEGUNDO: Remitir o presente acordo á FEMP para que confirme a inclusión do Concello de Salceda de Caselas entre as Entidades Locais adheridas ao Protocolo Marco do Programa Axente Titor."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte acordo:

PRIMEIRO: APROBAR a adhesión ao Protocolo Marco do Programa Axente Titor elaborado o marco do Convenio de entre a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas e a Federación Española de Municipios y Provincias FEMP, como servizo da Policía Local especializado na promoción do respecto aos dereitos da infancia, aceptando todas as bases e condicións do Protocolo..

SEGUNDO: Remitir o presente acordo á FEMP para que confirme a inclusión do Concello de Salceda de Caselas entre as Entidades Locais adheridas ao Protocolo Marco do Programa Axente Titor.

Expediente 1259/2024. Prórroga do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar (SAF).

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 4, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: O 31 de agosto de 2021 formalizouse o contrato con SOCISER GALICIA, o



contrato de prestación de servizo de atención no fogar o que chamamos o SAF, cun duración de tres anos e unha prorroga de un ano, segundo recolle o prego que realizou na lexislatura pasada o fin de contrato é o 31 de agosto de 2024, e si se decide a concesión da prorroga, como é caso, ten que avisarse con dous meses de antelación e ser aprobada en sesión plenaria, polo tanto estamos en prazo, a data límite é 30 de xuño e non tiña moito sentido convocar un pleno anterior para ter máis prazo cando perfectamente chegamos na celebración deste aprobando ou non aprobando neste, suporía un custo máis elaborar un pleno con maior anticipación.

Dicir que esta comunicación de prorroga se lle trasladou á empresa e ás traballadoras da mesma por parte da Alcaldesa antes das comisións que se celebramos o pasado luns, celebrouse para que a representación da Corporación, os que estamos nas Comisión informativas tivesen coñecemento deste punto e se puidese debater. O Goberno tomou a decisión de solicitar a prorroga porque tal e como marcan as bases aprobadas por este pleno non houbo ningún informe por parte dos servizos sociais deste Concello que falase do incumprimento por parte da empresa, polo tanto solicítase esa prorroga e ao mesmo tempo comezase o expediente de licitación, tal e como foi o noso compromiso. Ese expediente de licitación que leva o número 1395/2024 no que figura xa o orzamento do estudo económico que se fai necesario para levar esta licitación adiante e que poida ser aprobado proximamente. Ao mesmo tempo e como era compromiso deste goberno coas traballadoras comezase o expediente de revisión de prezos núm. 1394/2024 no que figura un informe económico ademais de un informe xurídico, ambos externos que avalan esta revisión de prezo. É moi importante dicir e que quede claro que o Concello non pode rescindir o contrato coa empresa porque non hai motivo, a empresa cumpre co Concello outra cousa moi diferente é que a empresa cumpra ou non coas traballadoras e precisamente desa necesidade, de que a empresa poida cumprir coas traballadoras nace o noso compromiso de tratar de resolver esta solución, e o noso compromiso é o seguinte: actualización salarial das traballadoras a partir do 1 de setembro e o pago pendente por parte da empresa tralo acordo económico de esta mañá coa empresa SOCISER, e o acordo é o seguinte: primeiro, establecer o prezo en 18,70 máis IVE de setembro a decembro de 2024 e segundo; en xaneiro de 2025 revisión de prezos segundo o IPC do 2024 máis a revisión do efecto da posible redución da xornada 37,5 horas semanais, é unha lei que como ben sabedes está pendente de aprobación.

Sr. Núñez Troncoso: Por cuestión de orde, tivemos coñecemento a través das traballadoras do SAF de que solicitaron intervir neste punto e pedimos que se lle a palabra.

Sra. Alcaldesa: Recibimos ese escrito onde se pide a intervención no pleno ordinario baseando a solicitude no artigo 35.4 do ROM por parte de Mercedes Pérez Martínez como representante sindical de SOCISER, consultado coa Secretarie e tal e como recolle o ROM a intervención desa representante sindical Mercedes Pérez Martínez vai ser ao finalizar as sesión plenaria, e imos respectar o ROM. Si queren intervir agora despois da miña exposición non hai problema en todo caso primeiro temos que escoitar a opinión do resto dos partidos políticos, acaban a exposición dos partidos políticos porque quero saber o que opinan e cal vai ser a súa decisión e logo escoitamos a traballadoras.

A Sra. Tourón Domínguez: En relación a que interveñan ou non cando hai unha petición por rexistro pode dicir antes da miña quenda ao igual que acabade dicir o PP da súa.



Sra. Alcaldesa: O PP estaba no seu turno da palabra que hai que respectar a quenda.

Sr. Núñez Troncoso: Vou ler unha liña da acta de fai catro meses onde a Sra. Alcaldesa, cando pretendía facer chantaxe coa aprobación do incremento do IBI, dicía: *"o segundo dos motivos para min é moi importante porque falamos ademais dun colectivo feminino que sofre unha situación laboral moi complexa, son as nosas traballadoras do SAF"*, sendo coñecedora da situación das traballadoras porque as está enganando? Si sabe dende o inicio do 2023, e así llo recordan no escrito que presentaron fai uns días, que a empresa incumpre a normativa laboral en canto a actualización salarial, porque non fixo nada ata agora? E lle quero lembrar que a propia empresa en abril de 2023 presentou unha comunicación onde solicitaba revisaba a revisión de prezos ou subsidiariamente a rescisión do contrato, escrito reiterado no 14 de febreiro do 2024 e ademais facía mención a que ese escrito de abril de 2023 non se lle había contestado, porqué se lle di as traballadoras que se solicitou un informe-estudio económico a un bufete de avogados e fai tres días en Comisión informativa nos di que non existe tal informe, nin externo nin interno? Agora vemos que informes internos si había, si as propias traballadoras lle están dicindo por activa e por pasiva que non queren a prorroga porqué se empeña en ir contra os intereses dela, cal é o motivo? Despois vemos que nos saca da chistera a última hora un informe, por certo un informe que chegou as nosas mans as 18:30 horas, aínda que a Alcaldesa xa o tiña a unha do medio día porque así o trasladou a empresa, xa negociou coa empresa e a nós nos chega as 18:30 da tarde, un informe firmado por Carlos Abal Lourido, un avogado, profesional que traballa para este Concello emitindo minutas mensualmente e sempre polo mesmo importe, xa veremos as consecuencias diso, pretendendo con ese informe que prevaleza sobre dous informes, neste caso, de Intervención e Secretaría onde nos din claramente que non procede a revisión de prezos ,pero o informe de Intervención e Secretaría o recolle este mesmo informe e volve ler o que di o informe da Sra. Secretaria municipal emitido o 14.11.23, por certo, ningún dos dous informes, tanto de Intervención como de Secretaría están no expediente, nin están no expediente nin se nos aportou na Comisión menos agora, este sí como é de parte e seguramente lle gusta aos intereses de Alcaldesa si nolo aporta, pero o Intervención e Secretaría, habilitadas nacionais sobre todo da Secretaria, que é a que vela pola legalidade de este pleno ese non, lle leo resumido o que pon: *"sinálase que dado que o prego de condicións administrativas non contempla revisión de prezos non será posible actualizar os mesmos por esta vía e finalmente tampouco cabería acudir a modificación do contrato posto que o mesmo é unha figura que reserva a lei para alterar o obxecto do contrato"*, neste mesmo informe externo introduce outro apartado que nos dí: *"no informe de Secretaría sinálase que a maior honerosidade do contrato é unha circunstancia que a empresa debe asumir posto que forma parte do seu risco empresarial que o contrato non contempla revisión de prezos e que non se pode acceder a petición da modificación do contrato na medida de que ocultaría unha revisión de prezos non prevista contractualmente"*. Estes informes se nos ocultan aos grupos da oposición é máis, se nos dí en comisión informativa que non existen.

O que pretende traer aquí ao pleno agora é un parche, un parche que non tapa a ferida porque a situación sería a mesma como ata de agora, exactamente a mesma, e por outro lado pretende que no mesmo punto da proposta de Alcaldía que se aprobe o expediente de revisión de prezos cando iso non é necesario que veña a pleno porque a propia Alcaldesa pode iniciar expediente de revisión de prezos e cando teña o expediente rematado traelo a pleno pero non ten porque o pleno aprobar ese inicio de expediente de revisión como vostede acaba de mencionar agora do inicio da elaboración do novo prego, polo tanto si a



Corporación aproba a prorrogar tamén aproba a revisión de prezos e estamos por tanto unha vez máis que a Alcaldesa intenta eludir a responsabilidade e enganar as traballadoras como está facendo agora. A única solución que hai aquí, a única proposta que resolvería a situación sería un prego novo e posterior adxudicación, a única o resto son parches malos, un novo prego e unha nova adxudicación si que axudaría as traballadoras do SAF.

E para rematar o custe de este servizo para o Concello, si partimos de que o Concello ten un orzamento aproximado de 5.000.000€ o custe para o Concello é 1,9% do total do orzamento do Concello ou dito de outra forma, segundo está firmado o contrato o servizo costa ao ano 654.700€ IVE incluído, aquí o Concello aporta un 14,51% ou sexa, 95.000€ e non o 15% do orzamento total como así está recollido en acta que dixo o Sra. Alcaldesa, polo tanto seguimos pensando que é un servizo fundamental, prioritario e que merece un esforzo económico por parte do Concello, e quero lembrar que a recadación de impostos e taxas dende o 2019 ao 2023 se incrementou en un 52% polo tanto tire de ese incremento de impostos e taxas e traia un prego novo a este pleno.

Sra. Tourón Domínguez: Quero comezar recalando a labor que fan as traballadoras do SAF e o servizo que prestan e o servizo de axuda no fogar en xeral, é un servizo fundamental e creo que merece o esforzo de todos nós e máis se cabo do goberno municipal. Dito isto e en relación a que non se lle permítese falar, intervir antes que debatamos, as traballadoras de axuda no fogar que se atopan hoxe aquí con nós, dicir que a Alcaldesa, creo que todos lembramos nesas campañas nas que non eran un partido político que primeiro a veciñanza, primeiro Salceda, que os partidos despois e agora mesmo primeiro os partidos e despois a veciñanza. Eu lle pediría que se aclarase, estas persoas xa interviñeron antes do punto en algunha ocasión e creo, que como mínimo, deberían respectarse o que elas solicitan. Eu non teño medo ningún expoñer antes o meu parecer, non sei si a Alcaldesa por todo o populismo que fixo o ten, eu non teño absolutamente ningún medo a expoñer antes de que falen elas de saber cal é a súa opinión porque xa lembro moitas reunións con persoas das que están hoxe aquí presentes, das que estaban tamén a Alcaldesa e que agora debeuse esquecer de esas reunións e deses acordos que alí se tomaron. Eu tamén quero empezar por dicir que as chantaxes que se nos intentou facer aos distintos grupos políticos con este tema deben dar o seu fin, esta non é a política que debe facer ninguén e pídolle á Alcaldesa que deixe de facelo.

Dito isto, este punto defínese e resúmese en tres puntos, o primeiro: é o reflexo absoluto da falta de xestión do goberno municipal, o segundo é unha falta de respecto aos poucos acordos que se trataron cos grupos que a investiron como Alcaldesa, BNG e PSOE; e terceiro é o puro cinismo da Alcaldesa que xa nos ten acostumados dende o punto de vista e respecto ás traballadoras de axuda no fogar as que nos acompañan hoxe aquí e as que neste momento non están, a todas elas. O primeiro punto é o reflexo da falta de xestión porque un exemplo está no informe que nos fan chegar pasadas as seis da tarde de hoxe a través dun whatsapp, un informe que debe estar feito fai meses nos que avalan a petición de esta prorrogar etc... que xa anticipo que non creo que sexa, e sempre llo transmitín en todas as reunións as traballadoras, o que hai que facer. Por certo nese informe que nos fixeron chegar as 18:30 d parte da culpa botábanlla á subida do salario mínimo interprofesional, estou por preguntarlle ao Grupo de Movemento Salceda si están de acordo ou no coa subida do salario mínimo, si tan esquerda son e tanto populismo fan respecto dixo porque si vas ao informe di que unha das culpas é a subida do salario mínimo interprofesional. A falta de xestión neste primeiro punto tamén está en que o que estamos a traer hoxe aquí non



deberíamos traer hoxe aquí non é a prorroga senón a licitación do novo contrato para que comezase en tempo e forma.

Cando chegamos ao goberno na anterior lexislatura, 2019-2023, o contrato de axuda no fogar levaba catro anos caducado e se había licitado cando estaba Marina Cabaleiro e sinto dicirllo, pero tivo que chegar Gela Ledo, outra concelleira socialista, para aprobar e licitar de novo o contrato e aquí temos a xestión que agora volta a caducar este, prorrogamos e seguimos en a xestión que queda ao descuberto quen xestionaba e quen se dedicaba a enganar a xente e vender o traballo dos demais en fotos.

O segundo punto que dicía que isto é unha falta de respecto aos acordos tomados en reunións cos partidos que apoiaron para investila Alcadesa, o digo porque acordamos que a mellor forma era licitala de novo, que o único que lle pon solución suficiente e segura a esta cuestión para que as traballadoras teñan un salario digno, se respecto o seu traballo e a empresa poida cumprir. E o punto terceiro que se resumía en tres puntos si é o cinismo, volvo a repetir é o cinismo que ten coas traballadoras do servizo de axuda no fogar, facéndolle un brindis ao sol incluíndo na proposta de prorroga un punto de revisión de prezos que nada ten que ver co que hoxe se está a traer aquí, porque prorrogar se prorroga un contrato, se prorrogan as condicións que están nese contrato. Que revisión de prezos se vai a facer dun contrato prorrogado ou a punto de caducar?, é dicir, vamos a comezar e si vai a facer unha revisión de prezos para acabala cando o contrato estea, incluso a prorroga rematada? Temos que ser coherentes co que facemos, deixar de enganar a xente e deixar de facer brindis ao sol e de dicirlle a xente cousas que non son; dun contrato que vai caducar e non caduca si se prorroga o último que debemos empezar é unha revisión de prezos. Entendo que o Goberno debería estar traballando xa na licitación dende fai meses, como sempre esgotan os 90 minutos do partido e queren vender fume no tempo de desconto, estamos acostumados a iso.

O Concello a labor que ten é a de esixir á empresa que cumpra as condicións e se as traballadoras lle traslada que non as están cumprir o que debe facer o Concello é defender os dereitos das traballadoras, o dereito do servizo e cumprir e facer cumprir a empresa o contrato e volvo a insistir a solución pasa por licitar de novo o contrato. Agradecer a presenza das traballadoras neste pleno e que se puxeran en contacto para trasladar o que opinaban de toda este cuestión.

Sr. Guerra García: Lamentablemente estamos a falar dun grupo de mulleres precarias e maltratadas institucionalmente porque, polo menos nós, xa estivemos nunha reunión en novembro do ano 2023 nunha xunta de portavoces na que estivo tamén a Sra. Tourón e membros de goberno, xa se levaban varias reunións entre as representación do persoal incluso coa empresa, Alcaldía e membros do Goberno e naquela reunión de novembro se dixo claramente cal era a saída ao asunto que era iniciar un novo proceso de licitación, se dixo que iso ia levar 6-7 meses, se dixo que precisamente estando en novembro de 2023 ata agosto do 2024 tiñamos o prazo perfecto para iso. Indubidablemente o equipo de goberno xa sabía que non ía traballar en ningunha materia de orzamentos por iso non colleu esa vía. Pero dende novembro de 2023 a cada reunión que o equipo de persoal mudou a súa resposta a situación, sempre con compromisos imposibles de cumprir e sempre enganando ao persoal con informes, o último recibido hoxe, que garantía que ía poder collerse o camiño que o goberno quería, non sabemos porqué o goberno quere este camiño e que este informe, non hai como ter un asesor de cabeceira, este informe foi asinado as 7:44 horas



desta mañá, porque as sinaturas electrónicas o bo que teñen plasman o día e hora que se fan, 7:44 horas desta mañá cando o persoal se lles dixo hai meses que aí había os informes, o único informe que hai dun posible expediente de revisión de prezos asinouse esta mañá por Carlos Abal as 7:44 horas. Os membros de esta Corporación xa sabemos que pesamos pouco para o equipo de goberno porque se nos pasa a seis e pico da tarde di moito, e que a Sra. Alcaldesa diga que non había datos de incumprimento por parte da empresa non sabemos si é ganas rirse ou de tomarlle o pelo a alguén, porque cando menos na reunión de novembro precisamente o tema estrela e foi a exposición que se fixo, por parte das traballadoras e por parte de súa asesora é que a empresa non quería prorrogar baixo estes valores de prezos e que a empresa si non se lle ia a prórroga pactaba coas traballadoras como compensar as diferenzas salariais do 2023 e 2024 e a partir da non prórroga, é dicir, a partir de setembro de este ano xa se vería, indubidablemente estabamos falando de ir a un novo proceso de licitación. Tal vez escoitamos todos non sendo a Alcaldesa, que a empresa non estaba cumprindo, nos consta por información das propias traballadoras de que en todas as reunións o punto estrela é que as traballadoras non cobran o salario porque a empresa non lle da, polas circunstancias que fora non vamos a gora a entrar en que situación se fixo a licitación porque tal vez a metade do ano 2021 non contaba ninguén coa espiral inflacionista ou si porque en agosto do ano 2021 xa inflación asomaba pero deixando isto ao lado, esquecese aquí alguén, primeiro sabemos que este é un servizo que tiña que dar a Xunta de Galicia, iso non o vamos a esquecer nunca, e que está delegado nos Concellos daquel xeito precarizando axudando a precarizar, pero tamén temos que lembrar que dende o ano 2021 a Xunta foi subindo as achegas que fai por hora traballada, entón si a Alcaldía sabe perfectamente dos incumprimentos da empresa, non pode hoxe vir aquí e dicir que non podía abrir un expediente de rescisión do servizo ou cando menos de non prórroga dicindo que non hai constancia de que as traballadoras non cobren o salario, o sabe todo o mundo non sendo a Sra. Alcaldesa.

En maio deste ano as traballadoras presentaron un escrito explicando porqué non querían a prórroga, ese escrito non nos chegou a man destas persoas que estamos na parte desta mesa, onde piden que non se vai a prórroga e volven a incidir porqué, porque a empresa non está cumprindo cos salarios. Ao final vai ser que toda Salceda sabía a situación que están as traballadoras do SAF non sendo a Sra. Alcaldesa. Cando a Sra. Alcaldesa lle ofreceu en todo momento que ía apurar polo tema da revisión en vez da prórroga sempre lle estivo dicindo ás traballadoras que esa revisión ía comprender o ano 2023 e 2024, e agora novamente unha iniciativa pola súa conta e a marxe do tratado con elas di que a revisión de prezos que se pretende é a partir de setembro deste ano. Indubidablemente nós mirado todo isto xa sabemos que este informe é para salvar o pelexo da Sra. Alcaldesa, leva meses ofrecendo este informe e falando de este informe e é asinado hoxe porque onte as traballadoras presentaron un escrito dicindo que querían intervir neste pleno e por iso, so por iso, a Sra. Alcaldesa lle urxía este informe que hai meses que dicía que estaba por aí circulando onde respaldaba a súa posición de ir a unha revisión de prezos. Dadas estas primeiras pinceladas sobre a situación nos cremos e comparto me parece que é a posición de todos os grupos non sendo do goberno, de que as traballadoras deben tomar a palabra e débennos dar aquí máis datos que seguramente se nos escapan a hora de tomar decisións.

Sra. Alcaldesa: Antes de darlle a palabra as traballadoras e despois de escoitar o posicionamento de cada grupo e entendendo todos e todas os que estamos aquí cal vai a ser o senso da votación eu podía respostar a cada unha das cuestións que acaba de plantexar o PP, PSOE e BNG falando que na miña opinión chantaxear non é, é solucionar creo ademais



que é non ter coñecemento da realidade cando se fala do custe que lle supón o SAF ao Concello e a parte prodúceme certa triste que o Concelleiro de Facendo que foi durante moitos anos Joaquín do PP neste Concello non defenda os intereses dos salcedenses e das salcedenses porque debería saber que o SAF é un servizo que custa máis de 800.000€, que supón andiantar ese crédito e que a Xunta despois si paga o que lle corresponde, por certo, esta é unha competencia da Xunta, supoño que todas o sabedes e que está asumindo o Concello anticipando ese diñeiro, ademais de facer unha aportación xunto cos usuarios e usuarias. Asegúrovos que falo con moitos compañeiros do PP e compañeiras porque presumo de ter boa relación con eles e todos e cada un de nós se queixa de esta situación, da falla de aportación da Xunta de Galicia, que o único que defende aquí é Joaquín e o PP de Salceda falando do que supón cento non sei que euros para as arcas municipais, mostra un total descoñecemento. Repito, podería contestar a cada unha das cuestións que aquí se plantexan porque aquí somos partidos políticos e cada quen defende o seu posicionamento e sería embarrar máis este punto, este problema que temos eu plantexéivolo na miña exposición inicial e fíxeno esta mañá coa empresa que sei que falou con vos, coa representante sindical e lle trasladou o noso acordo e repito cal é o acordo, o compromiso seguinte: actualizacións salarial das traballadoras a partir do 1 de setembro e o pago do pendente por parte da empresa tralo acordo económico de esta mañá coa empresa SOCISER e o acordo é o seguinte: asumir os 18,70€ máis IVE de setembro a decembro de 2024 e en xaneiro de 2025 revisión de prezos segundo IPC do 2024 máis revisión do efecto da posible redución da xornada a 37,5 horas semanais pendente de aprobación, desta Corporación depende que isto saía a diante porque sei que foi o que perseguistes sempre, mostreivos dende o comezo o meu compromiso de solucionar esta situación, levamos un ano gobernando tivemos moitas reunións, por certo o PP non asistiu a esas reunións nas que buscabamos solucións, esta mañá chegamos un acordo coa empresa, do resto dos partidos políticos depende de que isto saía adiante que realmente era a vosa petición, tedes o compromiso de cumprimento de esta Alcaldesa.

A representante da Traballadoras: Primeiro dicir que estamos falando dun sector especialmente sensible e estamos falando de traballadoras dun servizo público, elas son traballadoras do Concello de Salceda a través dunha empresa sub-contratada pero son traballadoras do Concello de Salceda e merecen o mesmo trato que o resto de traballadores do Concello de Salceda ademais son mulleres, traballan nun sector feminizado, e si os políticos queremos igualdade efectiva de homes e mulleres o primeiro chanzo polo que temos que empezar é por valorar o traballo de coidados.

Sra. Alcaldesa: Perdón por interrumpir pero un apunte da secretaria, non son traballadoras do Concello posto que non forman parte do cadro de persoal municipal.

Representante das Traballadoras: Xuridicamente non o son pero efectivamente si o son. Quero empezar preguntando a Alcaldesa porque empezou dicindo que comunicou a empresa esa prorrogación, si é así non sei que estamos facendo neste momento neste pleno.

Sra. Alcaldesa: Comuniquelle a empresa a intención de prorrogar este servizo.

Representante das Traballadoras: Despois de recibir esta comunicación, que a recibimos o venres vía teléfono a nosa última reunión fora o 30 de maio, esta foi a novena reunión sobre este asunto, a primeira mantívola coa anterior Concelleira Gela, a segunda coa Alcaldesa na terceira estaban todos os grupos de goberno aquel día tamén estaba o representante do PP



en todas as reunións ata esta de novembro de 2023 fixemos saber a empresa de que non se estaba cumprindo o convenio colectivo de aplicación, que non estaban pagando os salarios, falamos das causas, debatemos das causas, é coñecedor este goberno e o anterior de que a empresa non estaba cumprindo, non hai certeza por parte da Alcaldía ao dicir que non hai ningún informe que diga que non se pode rescindir o contrato por falta de cumprimento de convenio, eu teño un informe de secretaría que di *“a resolución do contrato administrativo por parte da Administración prodúcese cando se dan algún dos suposto taxados do artigo 211 e 313 da Lei de contratos de contratación pública tal como indica a cláusula 44 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizo de axuda no fogar”* enumera o suposto e no punto i) di *“a falta de pagamento durante a execución do contrato dos salarios por parte de contratistas aos traballadores que estivesen a participar na mesma ou o incumprimento das condicións establecidas nos convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato”*, non é certo que no informe de secretaría non inclúa esta posibilidade, aquí está.

Sra. Alcaldesa: Para aclarar ese punto, non existe ningún informe por escrito de incumprimento no que se poida basear secretaría no trámite de incumprimento do contrato para non prorrogar.

Representante das traballadoras: Esta posibilidade está enriba da mesa, esta posibilidade a coñecemos todos, a debatemos todos, efectivamente agradecemos da Alcaldía esa outra proposta de ir a revisión de prezos, eso implicaría que nós en vez de esperar polo nosos atrasos teríamos unha revisión de prezos e cobraríamos os atrasos pero claro esto tráese a pleno en febreiro dun xeito con un paquete de medidas que eran necesarias para ese incremento de prezo que non é aceptado, cando remata ese pleno aos pouco días temos unha reunión e incidimos a necesidade de volver ao plan “A”, en ningún caso pasemos do fin de contrato e vaíamos a prórroga, porque a empresa nos garante o cobro dos atrasos ate agosto pero a lei do mes de agosto non vai a haber acordo, isto tamén se falou nas anteriores reunións. O 18 de marzo a Alcaldesa nos traslada que si que non vai a esa opción “A” e que si que vai intentar a revisión de prezos, sempre como comentou Tano sempre falando dunha revisión de prezos que incluía o ano 2023 e que incluía o ano 2024 e que se pediría un informe técnico para iso. Nós, sabedes que dende ese pleno onde se rexeito a subida de prezos estamos asistindo aos plenos e en todos os plenos preguntamos a Alcaldesa cando vamos a ter ese informe e cando vai a traer ao pleno ese informe para aprobación, sempre era unha semana ou quince días, eu lle dixen que temos un prazos enriba da mesa, o contrato acaba o 31 de agosto e dous meses antes hai que comunicar ou no a prórroga e baixo ningún concepto queremos esa prórroga do contrato baixo nestas condicións. Ese mesmo día comunicamos isto e metemos un escrito por rexistro que agora dende estes días pasamos aos grupos da oposición porque a Alcaldía tampouco lles fixo saber esta nosa proposta o día que propuxo a prórroga e resposta que temos é unha chamada telefónica o venres para dicir que “vou a propoñer a prórroga e vou propoñer a revisión de prezos” é moi difícil de conciliar iso, hoxe por fin apareceu o informe que tampouco di como se van a revisar eses prezos, informe totalmente incompleto, si os grupoa votan hoxe van votar un acordo que estás dicindo que chegastes hoxe in extremis coa empresa, e estamos falando sempre do mes de setembro, non se di nada, só se di que se vai a unha revisión de prezos pero non se trae un expediente de revisión de prezos, e si se trae ten que se coa prórroga. Entendo que é unha falta, cando menos, de concepción ou de seriedade ou de respecto absoluta sobre todo as traballadoras que levan 18 meses esperando por unha resposta certa que hoxe poderíamos ter enriba da mesa, como dixeron



os compañeiros, si hoxe comunicáramos que non había prórroga e que íamos a unha nova licitación, iso é o que cumpría xa que non chegáramos a revisión de prezos facer hoxe, damos por feito que esa revisión de prezos vai ser a partir de setembro que non vai a ser con efectos retroactivos. Si decidimos non ir a prórroga, creo que é o que compre porque é un contrato que debe ser resolto porque non se está cumprindo, no mes de setembro tense que negociar un prezo intermedio mentres o novo contrato non se efectiviza, concluíndo non necesitamos ir a prórroga nin necesitar dicir que os grupos de goberno da oposición están votando en contra da revisión de prezos, non o necesitamos, é debemos sabelo, si votamos non a prórroga a partir de setembro o Concello xa ten negociado como fará a partir de setembro e como fará, incluso prevendo que esa nova licitación será no 2025, no 2025, agrádecese chegar a este punto, agrádecese que hoxe por fin a tres días da data que tiñabamos fixada como límite temos unha solución porque si vamos a prórroga vamos a ter esa solución igualmente, non nos fai falta xa o informe nin tampouco dicir que non había causa para rescindir o contrato porque a propia empresa estaba de acordo en rescindir o contrato. Gracias.

Sra. Alcaldesa: Si non se aproba a prórroga será forzosa ata que se adxudique o novo contrato, o que se está propondo é incumplir a lei e asegúrocho que o vou facer. As traballadoras están hoxe aquí presentes non creo que haxa maior veracidade que o que se di nesta sesión plenaria e o que vos está dicindo a Alcaldesa que vai estar recollido en acta e que se acordou está mañá. Quero que vos quede ben claro, si isto non sae adiante a prórroga será forzosa ata que se adxudique o novo contrato e sen posibilidade de revisar o prezo, será o mesmo prezo. Eu creo que ti, Mercedes, defendes as traballadoras e si defendes as traballadoras deberías estar de acordo con esta proposta de subir a 18,70€ máis IVE de setembro a decembro de 2024 máis a revisión de prezos seguindo o IPC de 2024, ese foi o compromiso de esta Alcaldesa e foi aceptado pola empresa e foi o que buscastes sempre. Repito ademais ti o dixeches na túa intervención, hoxe se trae unha solución, tarde, moitas veces os tempos non son os que eu quero, traemos unha solución non sei si é tarde ou cedo pero non vai depender de este equipo de goberno que se aprobe, o meu compromiso coas traballadoras foino antes coa anterior representación sindical, foi agora coa que está aquí presente e non vai depender de min que este punto saia adiante ou non, dende logo eu o que pretendía e o equipo de goberno e a Concelleira é cumprir co acordado.

Sr. Núñez Troncoso: Recordarlle a Verónica que o anterior contrato foi unánime, aprobouno tanto MS, PSOE e este grupo PP. Despois recordarlle a Sra. Alcaldesa que leva un ano como tal e dende logo que tivo tempo máis que de sobra para ir traballando na elaboración dun novo prego e licitación do concurso, non ten porqué inicialo agora encima da hora, cando leva un ano como Alcaldesa. En relación aos datos económicos tamén os ten vostede pero lle volvo a repetir, de 5.000.000 € que ten o orzamento total que ten o Concello, 1,9% é o custo que lle supón ao Concello o SAF, aproximadamente 95.000€, e dos 654.700€ que está adxudicado ao ano o servizo coIVE, o Concello aporta un 14,51€ que ven sendo os 95.000€. En canto as reunións coas traballadoras do SAF, tivemos dúas e lle pode asegurar que foron bastante máis frutíferas que as que tiveron con vostede.

Sra. Tourón Domínguez: Aquí acaba de dicirse que os traballadores do SAF non son traballadores do Concello, eu pregunto, si non son traballadores do Concello en que marco legal negocia coa empresa subirlle os soldos? En que marco legal se fixo ese acordo de hoxe a mañá?



Sra. Alcaldesa: Non se falou da subida dos soldos senón da subida do prezo/hora. Primeiro 18,70€ máis IVE de setembro a decembro de 2024, segundo en xaneiro de 2025 revisión de prezos segundo O IPC de 2024 máis revisión de efectos da posible redución da xornada a 37,5 horas semanais segundo a lei pendente de aprobación, en ningún momento se nomean os salarios, quen dixo que non eran traballadoras do Concello foi a Secretaria municipal.

Sra. Tourón Domínguez: Volvo a insistir, en que marco legal ou en que marco xurídico chegou o Grupo de Goberno, Concelleira, Alcaldesa e empresa a eses importes que nos repetiu, en que marco legal vai enmarcar ese acordo que din tomaron hoxe a mañá?

Sra. Alcaldesa: Coa empresa adxudicataria que é con quen ten relación o Concello.

Sra. Tourón Domínguez: Deixo no aire en que marco legal se chegou a ese acordo, creo que Mercedes falou claro e dixo unha frase na que se resume todo “que estamos facendo hoxe aquí neste punto”.

Sr. Guerra García: As traballadoras non están nas nóminas do Concello pero o servizo é municipal, que os veciños e veciñas entendan porque temos que tratalos exactamente igual que a todos os outros traballadores que si son da nómina municipal e porque prestan ademais un servizo feminizado e precario, así están nas mans de mulleres, eu lembro a reunión de novembro na que foi unha xunta de portavoces, daquela deuse unha solución e pasados estes case oito meses vimos a un pleno e todas as reviravoltas que se deron con esta situación, para chegar ao punto que se puxo daquela como solución, non se vai a prórroga, a partir de setembro a empresa negociará o prezo co Concello e as traballadoras cobrarán o salario que corresponde o resto, evidentemente, será un acordo interno porque todo o compromiso e toda a intención que dicía que tiña a Alcaldía de revisar os prezos de 2023-24 quedouse en nada. En todo caso, nos gustaría que este exemplo non se volva a repetir en persoal que depende dunha concesión municipal porque a xente que está aí fora é a que o pasa mal, si alguén quere máis información de como viven, como traballan as persoas mulleres do servizo de atención ao fogar que se informen para ver porque temos que estar aquí en primeira liña defendéndoas.

Sra. Alcaldesa: Antes de ler a proposta que pretendía solucionar dúas cousas, primeiro o meu compromiso coas traballadoras dende o principio, e despois algo que non me vou a esquecer, nós temos que garantir o servizo do coidado das nosas persoas maiores e dependentes, dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto que en data 31.08.2021 formalizouse con SOCISER GALICIA S.L.U., o contrato de servizo para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) cunha duración do contrato de tres anos sendo susceptible dunha única prórroga por un ano máis.

Visto que segundo o prego de cláusulas administrativas particulares a data de inicio do contrato foi o día 01.09.2024, polo tanto, o prazo de tres anos finalizará o vindeiro 31.08.2024.

Visto que o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante PCAP), concretamente na súa cláusula 10 se establece o seguinte:

“Segundo o artigo 29.4da LCSP, os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un



prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

Nesta licitación establécese unha duración para o contrato de tres anos máis unha posible prórroga dun ano polo que a duración total non excede do estipulado no artigo 29.4 da LCSP.

En ningún caso se producirá a prórroga polo consentimento tácito das partes. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza con a lo menos 2 meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. (...)"

Visto o disposto no informe de Secretaría núm. 2024-0021 e no informe de fiscalización de Intervención núm. 2024-01245.

Tendo en conta o carácter plurianual do gasto, a súa autorización nos anos seguintes subordinarase ó crédito que para cada exercicio terá que consignarse nos respectivos orzamentos do Concello de Salceda de Caselas de acordo co disposto na lexislación reguladora das Facendas Locais.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a prórroga do contrato de servizo para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) por un prazo de un ano, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato.

SEGUNDO. Aprobar e dispor o gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 231.22799 do orzamento para o exercicio 2024 co compromiso de incluír nos orzamentos do vindeiro exercicio a financiación correspondente á vindeira anualidade, por tratarse dun gasto plurianual proxectado para os exercicios 2024-2025.

TERCEIRO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

CUARTO. Notificar ao contratista a aprobación da prórroga, con indicación dos recursos pertinentes.

QUINTO. Iniciar o expediente de revisión de prezos do contrato de servizo para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)"

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta REXIETADA por CATRO a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e OITO EN CONTRA dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (5), PSdeG-PSOE (2) e BNG (1).



Moción do grupo do PP: Derogación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 5, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Núñez Troncoso: Dou lectura a moción presentada:

“DEROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA.

O Grupo Municipal do Partido Popular de Salceda de Caselas xa ten manifestado en varias ocasións o seu rexeitamento á aplicación do Imposto sobre o Incremento do Valor de Natureza Urbana (IIVTNU/Plusvalía). Dito imposto é potestativo do Concello e, na actualidade, en Galicia, dos 313 Concellos, só se aplica este imposto en 112 Concellos, é dicir, no 67% de Concellos galegos non se aplica, pertencendo o Concello de Salceda ao 33% de Concellos que sí o aplican.

Este imposto grava o incremento do valor dos terreos pola transmisión/venta dun ben urbano, así como a transmisión por herdanza ou donación (transmisión lucrativa). Nuns casos/suposos se grava tamen no IRPF e noutros, como é o caso das herdanzas ou doacións, nun 99,9% xa está exento no Imposto de Sucesións e Doacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

Asemade, no Concello de Salceda de Caselas se agrava aínda máis coa aplicación e actual situación do CATASTRAZO, o que implica unha maior carga impositiva para a veciñanza, neste caso, quen transmita ou herede un ben. Así, de manterse o imposto, afectaría especialmente, aos propietarios das parcelas que se considerarían urbanas e que ata o CATASTRAZO non xeraban plusvalía. Polo tanto, ditos propietarios/contribuíntes quedarían dobremente afectados e gravados.

En consecuencia, o que se pretende e reducir a carga fiscal da veciñanza en momentos como os actuais, dunha importante crise económica e o aumento dos prezos tanto de enerxía, combustible, alimentación etc. e axudar a recuperación económica dos e das salcedenses nunha situación e contexto de crise xeralizada.

Por todo o anterior, como Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular insto ao Pleno a que tome o seguinte acordo:

- A derogación da ordenanza fiscal do Imposto do Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.”

Ampliando un pouco máis esta moción, a pretensión deste grupo é minorar a carga impositiva que sofre a veciñanza con duplicidade do feito impositivo, a propia Alcaldesa ven a recoñecer esta inxustiza e de feito na providencia de data 14.02.2024 di: “Vista a necesidade de adaptar a vixente Ordenanza fiscal reguladora do Imposto do Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana ás necesidades da cidadanía. Vista as circunstancias que acontece por razón de interese xeral faise necesario adaptar a ordenanza fiscal vixente atenuar a carga impositiva que soportan os herdeiros ou legatarios nos supostos de transmisión por causa de morte”. Este era un punto que levaba no pleno de incrementar a bonificación nas transmisións e nas



herdanzas entre cónxuxes e entre pais e fillos de bonificalo ao 95% que contempla a lei que ao final non se chegou a debater porque a propia Alcaldesa considerou que había que retiralo.

Sr. Rodríguez Canosa: Chega o punto estrela do PP e supoño que o traerán aquí a pleno ata final de ano que é ir eliminando impostos, ao final o PP sole aplicar o que “fai o que eu digo non o que eu fago”, porque sabemos que todos os Concellos do PP de Galicia adiante están facendo amnistías fiscais, non pagando ninguén impostos e todos os Concellos do PP dos arredores están baixando impostos, ningún os subiu o ano pasado ... en fin, o típico populismo barato que solo practicar o PP. A ordenanza actual e isto xa se falou nunha comisión, foi aprobada en 2022, o 29 de xuño tras adaptarse ao Real Decreto 26/2021, esta aprobación da modificación da Ordenanza foi aprobada por este Pleno municipal realizándose dun xeito correcto para aqueles momentos.

O que vostede dixo de que queríamos crear unha modificación, claro que si, nós queríamos crear unha modificación sobre todo debido ao proceso simplificado de valoración colectiva iniciado polo Ministerio de Hacienda e que fixo que moitas fincas mudaran o seu valor catastral e polo tanto os propietarios que as herdan teñan que facer fronte ao imposto de plusvalía, nós claro que traíamos plantexada unha bonificación, porque dende a oposición é moi fácil plantar baixar, supoño que no seguinte pleno plantexaran baixar máis o IBI ou bonificar o IBI, ou unha bonificación como fixeron aí atrás para todo o rural de Salceda, intentarán inventarse máis cousas de cara, entendo, que a privatizar todo, ao final é o único sentido que lle vexo que intenten que privaticemos todo para beneficiar a non sei quen, máis cando gobernamos hai que ser serios porque cando vostede cando gobernou eran outras épocas, había outros ingresos e ao mellor non facía falta isto pero nós temos que ser serios e apostar pola xustiza fiscal e non pola amnistía fiscal, e si o goberno sabe de sobre que plantexamos a modificación de este artigo incluído bonificacións, bonificacións de ata o 95% do importe da cota tributaria para precisamente que as herdanzas non foran gravadas por este imposto, porque este ademais dun imposto que gravaba as herdanzas tamén temos que ter claro que non hai que modificar todo nin derrogar todo porque este é un imposto que grava tamén os beneficios que se fan na compra e venda de inmobles e tamén grava a especulación urbanística, non sei si se dan conta disto.

Evidentemente estamos nun plan de axuste o que non podemos facer é de repente derrogar un imposto, deixar de cobralo ou facer unha bonificación que vai afectar aos ingresos si por outra vía non se suben os impostos e se equilibran estes ingresos, creo, Joaquín, que o debería saber vostede que foi Concelleiro de Facenda tantos anos, si non subimos por un lado non podemos baixar por outro, ademais vostedes sempre lle dan tanta importancia, cando convén pero tamén é importante saber o que pensa intervención e tesourería de eliminar un imposto dos ingresos do Concello. Simplemente por aclararlle na recadación do 2022 foi de 22.500€ e a recadación do ano 2023 deste imposto que foi cando se aplicou durante todo o ano foi de 43.700€, dígame vostede que si este Concello deixa de recadar 43.000€ paréceme perfecto, haberá que reducir máis os gastos sumándolle a inflación que estamos tendo estes últimos anos. É moi fácil falar dende a oposición, falar dende fora. Penso que tanto neste pleno e todos os grupos municipais de este goberno creo que debemos ser serios, serios e sentarnos a debater un plan fiscal a longo prazo para Salceda con coherencia, como tanto lle gusta dicir a vostedes “con sentidiño” tal como propuxo o Goberno de Salceda o 7 de febreiro nunha xunta de portavocías e na que a día de hoxe, no mes de xuño, aínda non tivemos nin resposta, ningunha proposta por parte de ningún grupo nin do PP, evidentemente, polo tanto, fagamos as cousas serias como dios manda non inventando aquí eliminar impostos e isto sexa unha



amnistía fiscal, sentémonos a traballar a longo prazo por a longo prazo a partir do 27 hai eleccións e Salceda volverá a decidir quen preside este goberno, poderá ser o PP, o PSOE, poderá ser o Grupo Mixto o poderá ser MS pero si facemos as cousas ben, con sentidiño a longo prazo ao final se vai beneficiar a todos e ademais sempre penso que é un tema que hai que aclarar e sobre todo que reivindicar, porque xusto no punto anterior o vivimos en primeira persoa, urxe unha modificación no modelo de financiación dos Concellos non pode ser que cada vez os Concellos teñamos que ofrecer máis servizos e non teñamos a financiación para estes servizos. Si un servizo como o SAF é competencia autónomica, a Xunta debe facer fronte ao 100% deste servizo e senón darnos aos Concellos a financiación para que os Concellos paguemos esa parte ou paguemos o 100% do servizo, non un prezo que a Xunta se inventa, o sube cando quere, nos regala horas cando quere, así non, señores sexamos serios si é unha competencia autonómica terá que ser a Xunta, como administración autonómica, quen sen encargue do seu financiamento.

Sra. Tourón Domínguez: Dicirlle ao compañeiro de Mvemento Ssalceda que a proposta seria e con sentidiño que nos trouxo en febreiro eran catro liñas nun documento de word para poñer o marco fiscal do Concello de Salceda. En canto ao PP, creo que o PP debería poñerse a pensar en algo novo, digo en algo novo porque esta proposta creo que xa viu a pleno unhas cantas veces, a veces pónenlle unha liña dunha proposta distinta a do PSOE e din que é deles, outras veces quítanlle as liñas, pero realmente hai que pensar en poñerse a facer propostas novas, digo eu que despois de tantos anos na oposición algo máis que aportar ao Concello de Salceda terán. O PSOE falou sempre neste tema de adaptar a ordenanza non de derogala, o PP en outubro de 2021 viña cunha proposta do PSOE de que non se aplicase mentres non se resolvese aquela cuestión de inconstitucionalidade que estaba plantaxada e despois aumentoulle que o PSOE a quixera derogar, o PSOE falou sempre de modificar e adaptar a ordenanza non de derogala. Xa sabemos que queda ben sempre falar aos veciños e veciñas, e verdade que nos gusta oír sempre que nos van a eliminar impostos, que vamos a pagar menos e que aquí hai café para todos, pero hai que ser un pouquiño coherentes e como dicía o compañeiro de MS facer as cousas con un pouquiño de sentidiño.

É certo que hai que adaptar a ordenanza, sobre todo no novo marco da sentenza do Tribunal Constitucional, iso é indubidable non deberían pagar aquelas persoas que non obteñen unha ganancia patrimonial pero quizais o que temos que comezar a falar é de adaptar es Ordenanza, de modificala, bonificar determinados supostos como nos casos de herdanzas de vivendas familiares, que acaban sendo a vivenda habitual de quen as herdan ou outros casos pero non falar en ningún caso de derogala. Poñamos un exemplo, un inversor inmobiliario que merca en Salceda facendo operacións especulativas e sacando beneficios na compravenda de inmobles necesariamente creo que ten que contribuír ao Concello de Salceda, as arcas municipais, é dicir, derogar a plusvalía significa tamén, neste caso, que un inversor lúcrase comprando e vendendo en Salceda sen pagar un céntimo ao Concello de Salceda, é dicir, sen pagar un céntimo aos veciños e veciñas de Salceda.

Sr. Guerra García: Creo que o PP se esqueceu algo do texto e é que os suposto nos que se gravan no IRPF noutros é gañanza patrimonial, quere dicir que a máxima do PP é pagar menos impostos posibles, nós sabemos logo como lle pode explicar a cidadanía de manter os servizos públicos quizás sexa porque non cree neles, que isto debería retocarse en determinadas circunstancias moi específicas podemos estar de acordo sempre e cando vaia aparelado con revisión seguramente de toda a fiscalidade do Concello. Nós creo que temos feito propostas de por onde queremos enfocar a situación da contribución en canto ao relatorio de valores, nós



temos feito esa proposta que non se diga que non. Revisar toda a ordenanza de fiscalidade significaría que nalgúns casos como algún punto concreto de esta proposta podería ou debería reaxustarse, indubidablemente non como norma porque que pasa co que se dedica a sacar ganancias patrimoniais das transmisións de bens, quen compra para vender para gañar, que pasa? Que temos que entender que un algo que non ten que repercutir no Concello ese tipo de actividades que tan mal nos poñen co tema como o da vivenda? Creo que a proposta ben nun sentido demasiado xenérico e sen ter en conta que neste momento as finanzas municipais son as que son entón criticar que non se fai nada, criticar que a cousa está mal e ao mesmo tempo vir con un proposta de eliminación dun suposto de ingresos do Concello sen máis matizacións que algunha puideran entenderse como xustificativas non nos parece axeitado.

Sr. Núñez Troncoso: O que é denigrante é que se teña que pagar impostos neste Concello por pasar unha propiedade entre cónxuxes ou de pais a fillos, a verdade que o afán recaudatorio deste goberno, e polo que vexo, do PSOE e BNG tamén apoian iso, non ten límites. O que é denigrante é que se teña que pagar pola ganancia obtida pola venda dunha parcela tanto no IRPF coma na plusvalía, creo que xa é hora de se tome algunha medida ou se teña algún xesto cos veciños pola carga fiscal recaudatoria que levan sufrindo, sobre todo nos últimos catro meses, este sería un bo xesto de cara a eses veciños e polo tanto corresponde a esta Corporación considerar ter ese xesto ou non con eses veciños. Sr. Alejandro, dicía vostede que reducir impostos é un punto estrela, lle acabo de dicir, si vostede considera que este é un punto estrela, creo que isto non é para tomalo a broma, nós nunca falamos de amnistía fiscal o fala vostede, claro que hai que pagar impostos o levamos dito por activa e pasiva pero os xustos e despois hai que xestionalos ben que ese é o problema, xa llo dixen antes no punto e llo volo a recalcar outra vez, no 2019 ao 2023 incrementouse a recadación de impostos e taxas en un 52% de 2.075.000€ a 3.166.000€, aí ten a cifra un 52%, si iso non é incremento da carga fiscal. Falaba antes da competencia do SAF que é da Xunta, vou ler o Decreto que regula a Orde do SAF do 22 de xaneiro de 2009 é di no artigo 16: *“O SAF o financiarase mediante achegas da administración do Estado, da Xunta de Galicia e da Entidade Local do Servizo e das súas persoas usuarias, os Concellos consignaran nos seus orzamentos as cantidades necesarias para garantir a viabilidade do servizo da súa competencia, os Concellos aprobaran e xestionarán o sistema de contribución ou financiamento do servizo por parte das persoas usuarias en función da súa capacidade económica de estas de acordo co establecido nos artigos seguintes”*. Sabe quen firmaba esa Orde? Anxo Manuel Quintana González.

Falaba vostede tamén da proposta económica que había que chegar a un consenso, si este panfleto é unha proposta económica creo que ten pouca solidez, ademais, entre outras cousas veñen a recoñecer que si solicitan o servizo de limpeza xa se aforraría 100.000€ ao ano amén de outros servizos como xa expuxemos aquí outra vez, como expuxo a miña compañeira en canto ao aforro na corrente. Sra. Verónica e Sr. Tano, lémbrolle que no 2022 no Concello de Mos o BNG, o PP e PSOE unanimemente derrogaron este imposto, creo eses argumentos de vostedes xa os deberían ter eles pero se ve que pensan distinto de vostedes, dicía vostede sr. Salustiano que nós, o PP, queremos pagar menos imposto o que queremos é que se paguen os xustos e que non creemos nos servizos públicos, pero si vostede está apoiando a un goberno que está privatizando todo, o acabamos de ter un exemplo agora o SAF, o servizo de limpeza, recollida do lixo, nós creemos nos servizos públicos pero non digan que nos non creemos e vostede apoia a un goberno que está privatizando os servizos públicos. E para rematar, Sr. Alejandro si os veciños están pagando este imposto non é por culpa do PP, llo digo polo que vostede lle comenta aos veciños que é o PP, non son vostedes.



Sr. Rodríguez Canosa: Como dixen antes si que detectamos fai meses que se estaba realizando unha inxustiza, esta inxustiza era o que se pretendía bonificar, que é que se teña que pagar por herdanzas, e si que houbo xente que viu ao departamento de tesourería a preguntar porque lle chegaban recibos do ORAL por liquidacións, nós unha vez analizado e nos entreamos porque viñan os veciños a dicírnolo, intentamos preparar estas bonificacións que aparte entendemos que é a liña na que debe ir a fiscalidade do Concello, a liña de bonificar a quen máis o merece e non simplemente deixar de pagar impostos ou como di vostede, ter un detalle coa poboación de Salceda, ter un detalle sería en impostos que paga toda Salceda non nun imposto que paga unha porcentaxe moi baixa de Salceda, pero si xente como ben dixo Verónica que fai negocio si que paga este imposto, entón os detalles igual van para aí e non van para outro lado. O que lle dixen aos veciños é que o goberno tiña pensado levar adiante unha bonificación pero que evidentemente tiña que ser equilibrada e que sempre se equilibrara por outro lado sempre habería esa bonificación. Creo que os tres grupos de aquí xa o deixamos claro, a amnistía fiscal que é o que o PP quere, falar de baixar de impostos que realmente despois non o vai a facer, falas de Mos da plusvalía non falas de Mos do imposto do lixo, falas de mos para o IBI non falas de Mos para o número de empresas e o que recadan polo IAE, é moi fácil dicilo así tal concello non ten impostos claro igual terán outro tipo de ingresos.

Sra. Tourón Domínguez: Espero que o que acaba de dicir o Concelleiro de Facenda fora un erro ao falar, ao dicir que nos enteramos do pago das herdanzas por viñan os veciños a dicírnolo, espero que o soubese xa de antes.

Sr. Rodríguez Canosa: Pois si, e precisamente baixo a túa Alcaldía tamén se estaba producindo esta inxustiza e ti non a detectaches en ningún momento.

Sra. Tourón Domínguez: Que se estivese cobrando baixo a miña Alcaldía tal como dicía a Ordenanza que levaba anos aprobada no Concello de Salceda non significa que a descoñecera, é máis, creo que un Concelleiro de Facenda de MS que tivo durante bastantes anos a Concelleira de Facenda nas súas mans, saberá que a plusvalía se paga polas herdanzas como dicía a Ordenanza de Plusvalía fai moito tempo. En canto ao PP, insístolle, unha cousa é que se modifique a Ordenanza para que non pague esas herdanzas e outra, eu preguntolle ao PP si lle parece coherente que un gran inversor ou un inversor veña a comprar e especular en Salceda e non deixe un euro a veciñanza de Salceda, si esa é a política fiscal que defende o PP, que xa todos sabemos que é a que defende que é esa, pero non mesture allos con cebolas porque os das herdanzas si que entendo que hai que arranxalo pero derrogar isto significa tamén deixar a libre albedrío a especulación no noso Concello.

Sr. Guerra García: Contestarlle ao señor Núñez, Mos tal vez non necesite este imposto porque en Mos os cartos da Xunta chega en carretillos, eu xa lle dixen que si viñera matizada a proposta para determinados asuntos moi puntuais ou o caso de herdanza exclusivamente estaríamos de acordo en entrar no fondo de debate, aquí preténdese unha xeneralidade de eliminar un imposto onde no medio van transmisións patrimoniais con gañanza patrimonial e nós non estamos de acordo con iso, en todo caso, no 2008 cando Anxo Quintana sacou o primeiro Consorcio de Servizos Sociais lembre que foi unha norma pioneira en todo o Estado logo a partir de aí outras administracións estatais aprenderon e a partir do momento en que a Xunta de Galicia é a responsable dos servizos sociais é tamén responsable dos SAF.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Alejandro en Mos nos dobran en poboación, nos dobran en orzamento e en moitas máis cousas. Sr. Salustiano se chegan os cartos en carretilla é un dato a favor da



Alcaldesa que fai a súa xestión e o seu traballo. Sra. Verónica un 66% dos Concellos de Galicia non o están aplicando.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta **REXIETADA** por CINCO a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (5) e SETE EN CONTRA dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE (2) e BNG (1).

Moción URXENTE do grupo mixto-BNG para solicitar o rescate da AP-9 e a súa transferencia á comunidade autónoma.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

VOTACIÓN: Sometida a votación a urxencia da moción esta resulta aprobada por SETE a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) PSdeG-PSOE(2) e BNG (1), CINCO ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (5), pasando polo tanto a tratar dita moción.

Sr. Guerra García: Dou lectura a moción seguinte:

“MOCIÓN PARA SOLICITAR O RESCATE DA AP-9 E A SÚA TRANSFERENCIA A GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prolongación da concesión da AP-9 até o ano 2048 representa un importante problema do punto de vista social, económico e político para a Galiza. Esta é unha autoestrada que funciona como un eixo ao redor do cal se articula un territorio con máis de 70% da poboación, os 3 aeroportos, todos os portos de interese xeral e tamén a maior parte da actividade económica e empresarial do noso País. Por tanto, que un elemento de mobilidade tan central sexa unha vía de pagamento coas portaxes máis altas do estado español é un evidente problema, non só para os usuarios e usuarias particulares, senón tamén para as empresas que ven gravados os custos de produción e de distribución como consecuencia do pago das peaxes.

Isto vese agravado por 3 feitos. En primeiro lugar porque na Galiza carecemos dun sistema de transporte público á altura das necesidades, que estructure a mobilidade interna de forma racional, tanto para persoas como para mercadorías. En segundo lugar, pola nosa peculiar forma de habitar o territorio, cunha poboación dispersa que acentúa a dependencia do vehículo privado e, en terceiro lugar, porque temos unha posición xeográfica periférica na península e en Europa o que, combinado cos aspectos anteriores, fainos practicamente cativos do transporte por estrada, especialmente ás empresas galegas que queren mover os seus produtos ou sacalos fóra do noso país.

Mais a estas motivacións debemos engadir aínda una cuarta realmente importante. O mantemento das peaxes na AP-9 representa non só un castigo para todas as galegas e os galegos senón unha clara discriminación coa Galiza, posto que todas as autoestradas da xeración da AP-9 hoxe están xa libres de peaxe unha vez que caducou a concesión ou estarano proximamente. Só en setembro de 2021, máis de 600 km, a maioría en Cataluña.

No caso do Autoestrada Atlántico a concesión inicial de 40 anos finalizou no ano 2013. Porén, distintos gobernos de diferente cor e de forma absolutamente insensíbel coas



necesidades da Galiza, adoptaron a decisión de prorrogar a concesión dunha infraestrutura xa suficientemente amortizada e pola que os galegos e galegas levan pagando moito tempo. Primeiro un Goberno de Felipe González, do Partido Socialista, prorrogou a concesión durante 10 anos, entre 2013 e 2023. Máis adiante, no ano 2000, un Goberno de Aznar, do Partido Popular, fixo unha nova prórroga entre o ano 2023 e 2048, nin máis nin menos que de 25 anos. É dicir, decidiu regalar un negocio seguro durante máis de 2 décadas a unha empresa como AUDASA -que fora pública e privatizada tamén polo PP de Aznar en 2003 por 1000 M€, agora xa totalmente de capital foráneo ao estado español, en mans de fondos voitre, á conta de que os galegos e galegas sigamos a pagar as peaxes e sacrificando o seu desenvolvemento social e económico.

O conxunto da sociedade galega leva moito tempo reclamando pór fin á concesión, moito tempo reclamando unha AP-9 galega e libre de peaxes. Para logralo o BNG impulsou iniciativas neste sentido en todas as institucións. No Parlamento galego xa en catro ocasións a proposta para a transferencia da AP-9 á Galiza foi acordada por unanimidade de todas as forzas políticas e debatida neste Congreso en dúas.

A capacidade de negociación do BNG levou a que o Goberno establecese bonificacións para os usuarios e usuarias habituais que xa están en vigor desde o ano 2021 e que chegan ao 60% das tarifas. Mesmo, conforme ao establecido no último acordo de investidura, as bonificacións deben aumentarse aínda até 75% e ser aplicadas tamén na AP-53, por certo, outra autoestrada cunha concesión de longa duración de 75 anos. Un compromiso revalidado polo propio Ministro na súa intervención en que anunciou que espera sexa executado no presente exercicio.

Mais non é suficiente o abaratamento das peaxes para os usuarios e usuarias habituais da AP-9, senón que esta autoestrada debe pasar a ser libre de peaxe. Lograr este obxectivo na actualidade está perfectamente xustificado se consideramos que, segundo a Comisión Europea, as prórrogas nas concesións foron adoptadas de forma irregular, polo que se podería declarar a nulidade da concesión actual. Así, no ano 2021 a Unión Europea abriu un expediente de infracción ao estado español por considerar que as prórrogas da AP-9 se produciron de forma ilegal ao non cumpriren o principio de concorrencia competitiva. Máis recentemente, neste mesmo ano, a UE abre un novo expediente de infracción ao Estado español polo mesmo motivo. Existen, por outra parte, precedentes de casos similares que foron xa resoltos anulando a concesión.

O Ministerio debe realizar un estudo serio e fiábel sobre o verdadeiro custo de pór fin á concesión da Autoestrada do Atlántico. O Ministro avanzou a cifra de 4000 millóns de euros, porén ese cálculo non vén abalado por datos contrastados. Algunhas outras estimacións sitúano ao redor dos 2000 millóns de euros ou entre 2 e 3000 millóns de euros. Neste caso é preciso lembrar que o Goberno procedeu a aprobar unha reserva de crédito de 2300 M€ entre ese ano e 2048 para custear as bonificacións que se establecían na AP-9. Isto implica regalar 2300 millóns de euros a unha empresa privada de capital foráneo no canto de destinar eses mesmos recursos para converter en gratuíta a AP-9, co efecto positivo que iso tería no desenvolvemento social e económico da Galiza.

Ademais, si foron executados rescates milmillonarios noutras infraestruturas como o caso das radiais madrileñas das que se descoñece a día de hoxe con exactitude o custo real aínda que se estima que se situou por riba dos 4000 millóns de euros. No caso da AP-9 na Galiza, resulta evidente que é moito máis favorábel para os intereses públicos pór punto final á concesión da AP-9 que seguir regalando diñeiro de todos os galegos e galegas a unha empresa privada que fai un negocio escandaloso coas peaxes. Segundo os datos públicos da propia Audasa, só no ano 2023, os lucros da empresa na Autoestrada do Atlántico foron de 82,6 M€, un 25% máis que no ano anterior.



En definitiva, non hai razóns para non transferir a AP-9, como non as hai para non finalizar a concesión e que pase a ser unha autoestrada galega e libre de portaxes. O BNG reclama, ao igual que o fai a grande maioría da sociedade galega, que se poña fin á estafa legalizada que implican as peaxes da Autoestrada do Atlántico, unha demanda socialmente xusta e que se axusta á legalidade vixente.

*Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG somete a debate a presente proposta e solicita a adopción do seguinte **ACORDO**:*

- *Instar o Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:*
 - *A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.*
 - *A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.*
 - *O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.*
- *Instar ao Goberno do Estado e á Xunta da Galiza a encargaren senllos estudos nos que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.*

Salceda de Caselas, 24 de xuño de 2024”

Sr. Guerra García: A exposición de motivos é a proposta que se fai para tomar en consideración neste pleno, creo que a estas alturas sobran máis comentarios, todos, as persoas que andamos neste mundo aquí en Galicia andamos ao tanto do que significa o espóleo da AP-9 e temos claro cos datos na man que o Goberno Estatal ten destinado para pagar peaxes na sombra a AP-9 cun pouco máis ou tal vez nin cun pouco máis poderíase pensar no rescate da autoestrada e facela por fin galega libre de peaxes iso é o que sometemos a votación.

Sr. Rodríguez Garrido: Non é a primeira vez que non se aproba por unanimidade o debate dunha moción, a nosa abstención débese ao título da mesma no sentido de que para o noso Grupo estamos en Galicia, como di a Constitución e non na outra que di o BNG, iso é a discrepancia pola que non votamos a favor senón votaríamos en contra. Señor Salustiano, no fondo, pese a estar de acordo, isto excede da competencia de esta Corporación, como vostede ben sabe isto se debate no Parlamento Autonómico e no Congreso dos Deputados como se ten feito nos últimos meses, nos últimos anos, está ben que aquí nos pronunciemos pero imaxínese vostede que este Grupo maioritario nos anos anteriores trouxeramos mocións de cuestións que afectan directamente aos salcedenses de cousas que lle competen ao Estado ou á Autonomía, estaríamos enchendo este pleno de mocións de toda índole como por exemplo a cesta da compra, o incremento da electricidade, etc... que tanto sufrimos os salcedenses e nunca trouxemos a este pleno porque consideramos que a este pleno debemos traer cuestións importantes que dependan de esta Corporación. É certo que a AP-9 nos afecta a todos pero creo que o sensato é debater mocións como as que debatamos con anterioridade que esa si é de competencia municipal e aí xa quedou demostrado o posicionamento de cada quen. É curioso que vostede veña aquí a pedir, e xa dixeran que estamos de acordo no fondo, o libre de peaxe e o rescate e a transferencia da AP-9 para a Comunidade Autónoma de Galicia e estar de acordo en deixar de pagar, cando acaba de votar en contra de baixarlle os impostos aos Salcedenses e iso si que lles afecta directamente, o que vostede acaba de votar fai un momento en contra.



Dicía vostede dando a entender que nós, este grupo non defende nin cree nos servizos públicos, xa llo dixo moi ben o compañeiro Joaquín que vostedes apoian a unha Alcaldesa que ten o récord de privatización, nunca antes os nosos servizos en todas as áreas teñen total ou parcialmente privatizados, nunca, todos non sendo o servizo interno, incluso algún, está privatizado ou semiprivatizado por vostedes que son, segundo vostedes, os defensores do público segundo vostedes, claro, a realidade é bastante diferente. Loxicamente isto se ten debatido no Parlamento, hai un acordo unánime foi o outro día ao Parlamento da man conxuntamente para reclamar a transferencia, é certo que hai esa cuestión da Unión Europea que hai que aclarar respecto desas dúas concesións, estamos de acordo en que se investiguen as dúas e que se poñan en enriba da mesa esas conclusións. Estamos de acordo en que isto hai que poñerlle punto e final e coñecer o custe xusto económico que tería a anulación desa concesión e a asunción da xestión directa de esa autoestrada e imos, polo tanto, estar de acordo tamén en que temos que ter claro que tería que dar resposta a esas cuestións. Digamos que iso é o Goberno de España que é o competente ao respecto, que vostedes apoian, que vostede fixo Presidente do Goberno ao Sr. Sánchez é a quen lle temos que pedir explicacións respecto da tramitación de esa transferencia en todos os sentidos, tanto na aportación económica como da transferencia en si. As bonificacións sabe vostede que foron diferentes gobernos de todas as cores políticas os que puxeron en marcha as bonificacións, non é cuestión dos últimos tres anos como vostede dixo, nin é cuestión, señor Salustiano, de colgar pancartas antes das eleccións autonómicas vendendo fumo, dicindo que vostedes conseguían as bonificacións, cando saben todos os galegos e galegas que o incremento da peaxe neste ano 2024 foi do máis esaxerado posible. Vostedes conseguiron iso, a suba da peaxe, vostedes lles venderon aos galegos antes das eleccións autonómicas con pancartas colgadas en pontes dicindo que o BNG fora o conseguidor de bonificacións, da non suba dos peaxes, etc... por sorte os galegos unha vez máis falan nas urnas. Nós estamos de acordo pero queremos facer unha emenda no punto dous, que diría así: *“Instar ao Goberno do Estado e a Xunta de Galicia para encargan un estudo en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prorroga e se avalíen os custes económicos que tería para o Estado a absorción da xestión directa da AP-9, e instar a Xunta de Galicia a ser parte activa de este procedemento”*. Do resto, deixando a un lado a exposición de motivos este grupo non tería problema en apoiar esta moción.

Sr. Rodríguez Canosa: Completamente de acordo con esta moción que presenta o Grupo mixto, só para completar un pouco máis habería que facer un reflexión final do centralismo español que sufrimos en Galicia e no resto de autonomías, porque viaxar á meseta si que é gratuíto pero moverse por Galicia temos que pagar.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Complemente a favor da proposta presentada polo BNG, consideramos que é necesario quitar tanto esta peaxe como o da AP-53 como das dúas autopistas da Xunta de Galicia a que leva ao Val Miñor e a que une Coruña con Carballo que son da Xunta de Galicia pero tamén paga peaxe.

Sr. Guerra García: A nos parécenos ben que a Xunta sexa parte activa deste proceso e contestando ao señor Davila, primeiro os prezos da autoestrada están marcados por determinadas normas de concesión e que pasa? Que durante anos xogouse on acordos coa empresa, dándolle anos de concesión a conta de que non aplicase subidas, iso sabémolo todos, non é que este ano subiu tanto, o ano pasado subiu tanto, son condicións que están no proceso de concesión e relacionadas case sempre e en boa parte cos temas dos IPCS. Durante anos AUDASA non fixo suba de prezos a conta de darlle máis anos de concesión, non me diga que as bonificación de hoxe son as mesmas de hai tres, catro ou cinco anos porque entón é



que anda moi pouco pola autoestrada. Volveu a sacar xunto co señor Núñez o tema das privatizacións, igual debía cuestionar todas as obras que deu un Ministro chamado Montoro cando impedía a reposición de persoal nas administracións públicas entón a onde conducía iso, cando unha administración non pode renovar persoal que se xubila, que se marcha, etc... a onde conduce iso? A que os servizos indudablemente si hai que responder deles se terminen encomendando a empresas privadas. Dende que nós estamos aquí hai un ano creo que non hai ningunha nova privatización de servizos neste Concello, si a hai dígama, igual non estou moi enterado. Non diga que este non é un asunto para este pleno porque moitos veciños e veciñas deste Concello a diario pagan as peaxes na AP-9, sabe o que tal vez ten menos importancia para os veciños e veciñas de este concello? A moción aquela de amnistía que trouxeron hai uns meses, que nin pintaba nin cortaba realmente aquí, ningún veciño nin veciña de Salceda estaba afectada por nada de aquilo e en cambio polo tema da AP-9 si estamos moitos porque quedaron as estradas alternativas sen capacidade para absorber o tráfico que circula pola autoestrada.

Sr. Rodríguez Davila: Respecto á reposición dos traballadores seguimos así, polo tanto non se escuse e é verdade que non hai ningunha empresa nova prestando servizos para o Concello dende que vostede apoiou a señora Dolores Castiñeira, non hai ningunha nova? Debería velo, pero non é que non haxa ningunha nova e que, se mudou en algún departamento o servizo municipalista como vostedes firmaron en aquel acordo fai un ano, BNG, PSOE e MS? Dese acordo que firmaron fi un ano cantos puntos cumpriron, señor Salustiano? Ao final segue mantendo unha Alcaldesa que a fixeron fai un ano, reprochándolle moitas cousas como se viu no debate no día de hoxe, pero vostedes seguen dicindo amén e votando e apoiando a señora Alcaldesa na maior parte das cuestións. Créame sinceramente que si eu estivera no seu lugar ou no lugar do PSOE non ía permitir que se me ría tanto na cara como está facendo a señora Dolores Castiñeira con vostedes e llo digo con todo o respecto, e as probas me remito, e non eu nin este grupo, senón calquera veciño que estea presente e o queira ver loxicamente. Lle aseguro que si eu apoiara a un Alcalde ou Alcaldesa doutro grupo político que nos tratase en todos os ámbitos, pero sobre todo nos acordos políticos como MS e a señora Castiñeira fai con vostedes, non duraría unha semana máis, pero vostedes están no dereito de seguir nesa posición que nos respectamos loxicamente pero que non compartimos. Si vostede señor Salustiano compara esta moción sacándolle o interese que ten para calquera cidadán desta nación que é España, o tema de amnistía non lle pareceu serio, si lle parece normal condenar fondos públicos, impostos que paga vostede tamén a malversadores políticos, si a vostede lle parece ben que aqueles que delinquiron, cometeron delitos probados, condenados con sentenza firmes, se amnistíen e saían pola porta de atrás, si vostede apoia iso, que o apoiou, alá vostede, nós non. En canto a moción si se recolle como vostede dixo esa cuestión votamos a favor sen ningún problema, porque estamos de acordo os tres grupos do Parlamento Galego respecto da mesma.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte acordo

ACORDO:

1. Instar o Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

- A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.



- A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.
 - O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.
2. Instar ao Goberno do Estado e á Xunta da Galiza a encargaren senllos estudos nos que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.
 3. Instar e instar a Xunta de Galicia a ser parte activa de este procedemento encargando un estudo no que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.

Expediente 1327/2024. Dación de conta dos informes de Tesourería do cumprimento da normativa de morosidade do 1º trimestre de 2024 (Lei 15/2010 de 5 de xullo).

O Pleno municipal queda enterado dos informes de Tesourería relativos ao cumprimento da normativa de morosidade do 1º trimestre de 2024, ao abeiro da Lei 15/2010 de 5 de xullo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2024-0461 de 22 de abril ata o núm. 2024-0814 de 21 de xuño.

O Pleno municipal queda enterado dos decretos dende o núm. 2024-0461 de 22 de abril ata o núm. 2024-0814 de 21 de xuño.

Dación de conta da renuncia como concelleira de Verónica Tourón Domínguez

Sra. Tourón Domínguez: Hoxe quero aproveitar que é o meu último pleno e quero explicar, porque creo que debo explicar as miñas razóns a veciñanza, grazas por darme esta oportunidade. Hoxe faise efectiva a miña renuncia ante este pleno que me acolleu nos últimos 9 anos e o fago por motivos persoais, porque o novo proxecto profesional no que estou inmersa así mo require e porque quen me coñece, sabe que nunca busquei eternizarme na política e creo que é o momento que outros compañeiros e compañeiras da Agrupación Socialista dean o paso e por suposto hoxe que hai moitos aquí, que saibades que vou seguir camiñando con vós. Hoxe creo que é o día para agradecer e quero agradecer en primeiro lugar, a Marina Cabaleiro por todo o que aprendín con ela na política municipal de Salceda e por ser ela quen me deu a oportunidade de darlle o relevo e continuar a súa labor política; quero lembrar tamén a labor dos traballadores e traballadoras municipais que dende cada un dos seus postos me axudaron a levar a cabo a acción do goberno e a prestación dos servizos que require a nosa veciñanza, sempre considerei que sodes unha parte fundamental do noso Concello; quero lembrarme tamén de Mónica Pampín e Javier Osorno, persoas que traballaron arreo dende o gabinete para que puidese desempeñar o meu cargo de Alcadesa da mellor



forma posible e agradecer por suposto a Gela Ledo e a Rubén González, por ter sido uns excelentes compañeiros de viaxe nesta aventura política, por acompañarme nos bos momentos e nos malos momentos sen descanso e de forma incondicional, sei que os tres fixemos unha enorme labor política con erros e con acertos pero non teño dúbida que esa labor política será recoñecida co tempo por unha simple razón, sempre procuramos mellorar a vida da veciñanza e xa que esta era a única razón pola cal os tres decidimos dar ese paso a dedicarnos á política.

Agradecer igualmente o apoio incondicional da miña agrupación e os seus consellos para levar a bo porto o papel do noso grupo municipal ao longo de estas lexislaturas. Acordarme tamén de todos aqueles compañeiros e compañeiras de Corporación para recoñecer que todos aquí, en democracia, da nosa maneira e coas nosas ideas, vimos a debater e decidir o mellor para o pobo de Salceda e que as máis das veces mantivemos unha relación cordial entre todos e todas nos coa idea de dignificar a institución municipal da que somos representantes. E como non e o máis importante de todo, o agradecemento a toda a veciñanza, á cidadanía de Salceda que foi quen me outorgou a representación de ter sido ao longo de todos estes anos Concelleira tanto de oposición como de goberno e finalmente Alcaldesa. Estou orgullosa do feito como Concelleira e sobre todo do feito como Alcaldesa e foi unha honra para min que os veciños e veciñas me derades esa confianza, poder desempeñar esas responsabilidades políticas tan importante na Vila que me mirou nacer, crecer e criar aos meus fillos. E si, tamén a miña familia, sen a miña familia nada disto podería ter sido posible o tempo que a política nos esixe a quen a exercemos con responsabilidade é enorme, sempre nos é roubado do tempo que necesitamos para dedicalo a quen máis queremos, tremendo sacrificio só se pode xustificar polo digno propósito de facer o ben para a comunidade e dedicarse a mellorar a vida da veciñanza.

Quero brindar todo o meu apoio e gratitude á persoa que vai a recoller a miña acta, grazas por dar ese paso a diante, considero moi importante que novas persoas nos deán o relevo e renoven a nosa representación como grupo municipal para así continuar o noso traballo aportando novas ideas e solucións e tamén, por suposto, a Xurxo que xa me está acompañando neste momento. E quero despedirme reivindicando a política de verdade, a que se escribe con maiúsculas, a política do traballo e do diálogo, nestes tempos no que parece ser máis rendible electoralmente aparentar que facer, trasladándolle a veciñanza o protagonismo da súa vida social para tapar a ausencia da xestión municipal, eu reivindico a política dos feitos, temos que pornos en marcha e continuar a traballar nos proxecto que traten de atender as principais necesidades de Salceda, non debería interesarnos a vida social do noso goberno municipal senón a súa labor de goberno, aquelas pequenas e grandes medidas que atendan a necesidades de quen nos vota e de quen non nos vota sen distincións nin favores. O Goberno municipal debe dialogar co resto dos partidos políticos da Corporación co fin de acadar acordos sobre o que máis urxe en Salceda, na nosa Vila, porque ra perseverar no erro é de necios, por iso necesitamos cambios na política, oxalá poidamos velos pronto porque a política honesta é a única ferramenta real que temos para mellorar a vida das persoas. Grazas de corazón.

Sr. Rodríguez Davila: Señora Verónica, como ben sabe o día que coñecemos a noticia decidín chamala porque me considero unha persoa correcta e educada que sabe estar, é certo que botei en falta moitas chamadas en noites electorais cando o PP gañou as eleccións e nunca tiven ningunha chamada nunha noite electoral, outra cousa é días posteriores, pero hoxe non vamos a entrar en cuestións políticas, vamos ser como debemos ser cunha compañeira de Corporación que deixa o nobre oficio de dedicarse a política e o orgullo que representa para os



Corporativos representar aos Salcedenses, a veces non somos conscientes da sorte que temos cando collen a papeleta e confían en nós, é certo que a veces se lles falla, é certo que a veces non se cumpre co que se di, pero o importante na vida é ser educados e non faltarlle a palabra e o saúdo a ninguén e sobre todo respectar con educación o posicionamento de cada quen, aínda que loxicamente e lexitimamente sexa criticable e con dureza pero con respecto. Permítame que humildemente lle diga, porque así o creemos dende este grupo, sobre todo o grupo do mandato municipal 2019-2023, que obtivo máis lealdade institucional e respecto deste grupo que do grupo que formou parte do goberno con vostede e ás probas me remito e aí están os plenos. Non serei eu, señora Verónica Tourón o que lle diga o que sucedeu neses últimos catro anos, o dixo vostede no pleno de investidura, onde tomamos posesión os corporativos aquel 17 de xullo 2023, vostede mesma dixo o que dixo do que sucedeu no seu goberno do que formou parte, polo tanto, remato desexándolle, como fixen naquela noite, que no persoal tiña e ten todos os nosos desexos de éxitos, no familiar, no traballo e na vida mesma e lle digo persoalmente que aquí terá sempre un veciño que non lle negará o saúdo e que lle axudará naquilo que estea nas miñas mans, así será, independentemente da discrepancia absoluta, como vostede sabe, que politicamente temos porque creo que se equivocou na miña opinión. E ao novo PSOE lle tendemos a man para buscar a mellor solución para os salcedenses. Que teña sorte, saúde e traballo.

Sr. Guerra García: Penso que cando unha persoa se vai que menos que desexarlle sorte, cando é unha persoa honesta temos que dicir dobremente sorte. Grazas Verónica porque de esa honestidade que a veces non abonda aínda aprendemos moito, grazas.

Sra. Alcaldesa: Tócame dedicarlle a Verónica unha palabras en representación non só de Movemento Salceda e todos os que nos dedicamos á política, senón da veciñanza, prometo ou polo menos vou a intentar non utilizar nin unha soa palabra negativa, por respecto e sobre todo porque sei o duro e o sacrificado que é para unha muller, para unha mamá e coñecendo ademais a vida complexa de todos pero sobre todo a de Verónica, eu o que teño é que agradecerlle o traballo feito por Salceda e polos veciños e veciñas de Salceda. Que saibas que as persoas están por encima da política e que alá onde esteas que consigas ser feliz.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

Sr. Fernández Pérez: Debido ao estado no que se atopan as árbores situadas na PO-411 entre Parderrubias e a Ponte da Lagüela, se teña a ben de avisar aos propietarios das propiedades para que procedan a cortar as mesas antes de que estas provoquen un mal maior ao tratarse dunha estrada moi concorrida polo tráfico de coches e peóns.

Sra. Alcaldesa: Recollemos ese rogo, segundo puiden ver no parcelario da PO-510 e na PO-411 as árbores están na zona privada tanto a Xunta de Galicia coma o Concello poden ordenar esa corta, vostede prefere que o faga o Concello non a Xunta, creo que deberían solicitar aos dous organismos como procede.

Sr. Rodríguez Davila: Rogamos ao Concello que faga os escritos pertinentes ou xestións que



estime oportuno respecto da situación que están a sufrir os veciños na retransmisión das canles de televisión dos repetidores que hai en Loureiro-Picoña, nas Coruxeiras-San Xurxo e tamén en Borralliño-Soutelo, temos bastantes queixas de veciños que están a ter problemas e sabemos que o Concello non ten competencias directas pero o que pedimos e que se faga un escrito comunicando esa situación e que se remita canto antes as concesión de emisión de esas canles.

Sr. Rodríguez Davila: Hai uns días abriu a piscina municipal, hoxe concretamente houbo un pouco de desorde no acceso e sobre todo polo mal uso de usuarios que veñen alí, xa se falara no pleno de agosto do ano pasado e se volveu a repetir hoxe, polo tanto lle solicito ao Concelleiro delegado que se informe do que sucedeu hoxe dende as seis ás sete da tarde, das persoas que foron alí, colas que houbo, rogo un plan construtivo que se preocupen de esa situación porque non merecen, os usuarios da piscina, vivir o que se viviu o ano pasado e o que volveu a pasar na tarde de hoxe.

Sr. Rodríguez Davila: Cerca de esa piscina municipal está a rotonda enfronte ao Comercial Caselas, hai alí catro bancos colocados dous están ben colocados cara a parte de atrás da beirarrúa pero hai dous que están xusto no paso de peóns enriba practicamente da rotonda, co perigo que iso ten, creo que eses bancos hai que retiralos de aí e colocalos para atrás.

Sra. Alcaldesa: Se colocaron aí por consello urbanístico deixando a accesibilidade por detrás, revisarase.

Sr. Rodríguez Davila: Solicítase o desbroce urxente do camiño das Besadas en Picoña, dada a situación que está intransitable, é moi usado polos veciños que van as fincas e tamén polos que van a camiñar ou practicar o deporte en bici.

Sra. Alcaldesa: Se recolle o rogo.

Sr. Núñez Troncoso: Na estrada Feixoeira-Soutelo fíxose o cambio de luminarias, alí hai un posto e unha luminaria que leva dende o ano 2013 que roubaron o cable e pedimos que se repoña o cable e se poñe a luminaria nova.

Sra. Alcaldesa: Revisarémolo.

Sr. Guerra García: Sra. Alcaldesa pode informar ao pleno si existe algunha programación para algún evento na Praza do Concello a realizar no día 4 de xullo pola tarde relacionada coa presentación dunha marca? De ser a si de que marca se trata, que implicacións, derivacións económicas tería? Non considera que estaríamos diante de outro episodio de malgasto ou gasto innecesario dado o escenario económico dramático que soportan as finanzas municipais?

Sra. Alcaldesa: Recoilo o rogo e darei as explicacións pertinentes primeiro aos colectivos sociais e despois a sesión plenaria.

PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila: Qué criterio se seguiu este ano para a asignacións das prazas do curso de natacións que se vai a iniciar a semana que ven na quenda de mañá?



Sr. Troncoso Estévez: O criterio que se levou este ano, primeiro fíxose a petición de varios orzamentos, tres orzamentos e tres empresas diferentes, dos cales collemos o máis economicamente favorable para o Concello. Esta é unha empresa diferente da que se tiña contratado nos últimos anos e esta empresa tiña uns novos criterios. O primeiro se marcou para elección de grupos que sexan todos por idade, creo que é un criterio bastante coherente porque antes parece ser que se mesturaban rapaces de idade avanzada con rapaces máis pequenos, e logo a empresa nos dixo que hai unha normativa en canto ao ratio de nenos e nenas que teñen por monitor, nestes últimos anos estaban nuns ratios creemos que maiores do que impón a normativa, non hai unha normativa que estableza o número exacto pero si uns criterios baseados na normativa de prevención de riscos que si recomenda un ratio. Este anos se fixo un formulario de inscrición, antes era un formulario manual e nos comentaron algún dos traballadores que era un problema porque se facía o pagamento antes de si saber si o rapaz estaba aceptado ou no co que despois había que devolver o importe, este ano se decidiu facer primeiro unha prescrición co cal si despois se confirmaba cales estaban seleccionados e en base a elo facer o pagamento nun prazo de tres días. O que se fixo foi por orde de inscrición, os primeiros en inscribirse ese foron os que entraron en cada un dos grupos, no formulario de inscrición moita xente equivocouse e puxo a idade do rapaz na franxa de idade de nacemento que non era a data do rapaz, si hai un erro na inscrición nós temos que priorizar os que se inscribiron de maneira correcta. Si é certo que houbo rapaces nunha franxa de idade que se quedaron en lista de espera e o que fixemos foi crear dous grupos máis a maiores para poder incluír algúns alumnos máis, creemos practicamente a totalidade van a entrar no curso de natación, de feito o ano pasado houbo 104 rapaces e rapazas inscritos e este ano 118, estamos falando de xullo o prazo de inscrición para agosto aínda esta aberto.

Sr. Rodríguez Davila: O evento vai ser o día 4 e a día de hoxe vostede non sabe como se chama a marca, que marca é, a que departamento? O seu deber é informar.

Sra. Alcaldesa: Están convidados á presentación da nova marca que está en marcha dende hai moito tempo é “Salceda Móvese axenda cultural de lecer e deportiva”.

Sr. Guerra García: Na entrada a Salceda dende a ponte da Lagüela hai un treito de beirarrúa con arboredo o piso está como está debido aos efectos das árbores, ten previsto realizar eses desniveis de terrazo, hai previsión económica para afrontar posibles reclamacións patrimoniais?

Sra. Alcaldesa: Xa se reparan moitas, non me consta que haxa ningunha levantada en todo caso revisarémolo por si hai algún problema máis .

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

